

PROGRAMACIÓN 6º CURSO DE PRIMARIA- CURSO 2018/19

1-CONTEXTO

2.- CONTRIBUCIÓN DE CADA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

3-OBXECTIVOS XERAIS

4- CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN POR MATERIAS

5-CRITERIOS DE AVALIACIÓN

6-ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

7-METODOLOXÍA DIDÁCTICA

8-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

9-PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

10-CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

11-MÍNIMO DOS ESTÁNDARES PARA A AVALIACIÓN POSITIVA

12-MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

13-PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

14-ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

16-INTEGRACIÓN DAS TICs

17-CRITERIOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

1-CONTEXTO

CPI de XANCEDA: MESÍA

Único grupo de 6º curso de Enseñanza Primaria do centro, formado por 14 alumnos e alumnas, dous deles foron repetidores de 5º e unha alumna repetidora de 6º, polo que dous se incorporaron o curso pasado ao grupo e a alumna repetidora de 6º este curso. Dentro do reducido grupo de alumnos hai diferenzas que van levar a unha atención individualizada, especialmente nos casos que amosan algunha dificultade. Reseñar que un alumno necesita ademais de apoio por parte da especialista de Pedagogía terapéutica, varias sesións, para reforzar sobre todo nas materias de lingua e matemáticas, en conceptos básicos. Xa en todos os cursos anteriores necesitou de apoio por parte do profesorado de PT e de apoio tamén dentro da aula.

Esta programación abarca as materias de Ciencias Naturais, Ciencias Sociais, Lingua Castelá, Lingua Galega, Matemáticas, Plástica e Valores Cívicos e Sociais. Cada apartado fai referencia a todas estas materias.

2.- CONTRIBUCIÓN DE CADA ÁREA AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A área contribúe de forma substancial á competencia básica en ciencia e tecnoloxía, xa que moitas das aprendizaxes que integra están totalmente centradas na interacción do ser humano co mundo que o rodea. A competencia vaise construíndo a través da apropiación de conceptos e habilidades que permiten interpretar o mundo físico próximo, así como do achegamento a determinados trazos do método co que se constrúe o coñecemento científico: saber definir problemas, estimar solucións posibles, elaborar estratexias, deseñar pequenas investigacións, analizar resultados e comunicalos.

Comunicación lingüística

A área contribúe de forma substancial a esta competencia porque a información aparece como elemento imprescindible dunha boa parte das súas aprendizaxes. A información preséntase en diferentes códigos, formatos e linguaxes, e require, polo tanto, procedementos diferentes para a súa comprensión. Ler un mapa, interpretar un gráfico

ou observar un fenómeno, esixe procedementos diferenciados de busca, selección, organización e interpretación, que son obxecto, prioritario de aprendizaxe na área. O alumnado deberá diferenciar progresivamente entre a linguaxe de comunicación interpersonal e a que se utiliza na ciencia para explicar feitos e fenómenos e utilizaranse varios tipos de linguaxe: oral, escrita, gráfica e simbólica. Asimesmo é importante o vocabulario específico da área.

Competencia dixital

A área inclúe explicitamente os contidos que conducen á alfabetización dixital, coñecemento cuxa aplicación contribuirá ao desenvolvemento da competencia dixital. A utilización básica do ordenador, o manexo dun procesador de textos e a busca guiada na internet, contribúen de forma decisiva ao desenvolvemento desta competencia. As TIC constitúen un acceso rápido e sinxelo á información sobre o medio; son ademais unha ferramenta atractiva, motivadora e facilitadora das aprendizaxes xa que permite aproximar seres vivos, reaccións químicas ou fenómenos físicos á súa experiencia.

Conciencia e expresións culturais

Esta competencia, con respecto á área de Ciencias da Natureza, require os coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións da herdanza cultural nos ámbitos tecnolóxicos e ambientais, para apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico

Competencias sociais e cívicas

Desde a área de Ciencias da Natureza contribuiremos a esta competencia na medida na que os alumnos e as alumnas desenvolverán as súas habilidades de relación social e respecto nos traballos cooperativos e grupais, así como no uso de novas metodoloxías, como o traballo por proxectos, que requirirán dunha maior autonomía e capacidade de reacción do alumnado, de modo que se potencien estas habilidades.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A área de Ciencias da Natureza inclúe contidos directamente relacionados co desenvolvemento do sentido de iniciativa persoal, ao ensinar a tomar decisións desde o

coñecemento dun mesmo, tanto no ámbito escolar coma na planificación de forma autónoma e creativa de actividades de lecer. A planificación e a xestión de proxectos de traballo, ben de forma individual ou en equipo, contribúen ao desenvolvemento desta competencia, xa que implican transformar as ideas en accións, afrontar os problemas e aprender dos erros, calcular e asumir riscos, elixir con criterio propio, ser perseverante e responsable, ser creativo e emprendedor, manter a motivación, ser crítico e conservar a autoestima. e tamén obriga a dispoñer de habilidades sociais de relación e liderado de proxectos.

Aprender a aprender

Para que esta área contribúa ao desenvolvemento da competencia para aprender a aprender, deberá orientarse de maneira que se favoreza o desenvolvemento de técnicas para aprender, organizar, memorizar e recuperar a información, tales como resumos, esquemas ou mapas mentais, que resultan especialmente útiles, nos procesos de aprendizaxe desta área. Por outra banda, a reflexión sobre que se aprendeu, como e o esforzo por contalo, oralmente e por escrito, contribuirá ao desenvolvemento desta competencia.

AREA DE CIENCIAS SOCIAIS

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A área contribúe de forma substancial á competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Así mesmo, ofrece o uso de ferramentas matemáticas, tales como medidas, escalas, táboas ou representacións gráficas, contribuíndo así ao desenvolvemento da competencia matemática para a resolución de tarefas e problemas da vida cotiá.

Comunicación lingüística

A área de Ciencias Sociais contribúe significativamente a fomentar e mellorar a comunicación e o diálogo no alumnado, a estruturación do discurso, a capacidade de síntese e, polo tanto, o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística.

Competencia dixital

Contribúe tamén de forma relevante á competencia dixital. En primeiro lugar, a información aparece como elemento imprescindible dunha boa parte das aprendizaxes da área, esta información preséntase en diferentes códigos, formatos e linguaxes e require, xa que logo, procedementos diferentes para a súa comprensión. As TIC ofrecen múltiples posibilidades de búsqueda e organización da información. Ler un mapa, interpretar un gráfico, observar un fenómeno ou utilizar unha fonte histórica, esixe o uso de procedementos diferenciados de busca, selección, organización e interpretación, que son obxecto de aprendizaxe, nesta área.

Conciencia e expresións culturais

A contribución da área á competencia conciencia e expresións culturais céntrase no coñecemento das manifestacións culturais, na valoración da súa diversidade e no recoñecemento daquelas que forman parte do patrimonio.

Competencias sociais e cívicas

Respecto das competencias sociais e cívicas hai que considerar dous ámbitos. Por un lado, as relacións próximas (a familia, os amigos, os compañeiros, etc.), que requiren favorecer a toma de conciencia persoal de emocións e sentimentos e o desenvolvemento de actitudes de comunicación, diálogo, de resolución de conflitos con asertividade. Un segundo ámbito é aquel que transcende as relacións próximas ao alumnado, abordar o barrio, o municipio, a comunidade, o estado, a Unión Europea, etc. Comprender a súa organización, as súas funcións e os mecanismos de participación da cidadanía, van máis alá dos aspectos conceptuais e require da aprendizaxe de destrezas sociais e actitudes.

Esta área convértese así nun espazo privilexiado para reflexionar sobre os conflitos, asumir responsabilidades respecto do grupo, aceptar e elaborar normas de convivencia, tanto en situacións reais que hai que resolver diariamente, coma nas propias do ámbito social no que se vive.

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor

Inclúense contidos directamente relacionados co desenvolvemento desta competencia ao ensinar a tomar decisións e iniciativas de forma autónoma e creativa de actividades de lecer, asumir responsabilidades e riscos, actuar con responsabilidade e sentido ético no trabalo, atopar posibiliddes no medio, amosar entusiasmo pola tarefa, contribúen ao desenvolvemento desta competencia.

Aprender a aprender

A aprendizaxe das Ciencias Sociais contribuirá ao desenvolvemento da competencia aprender a aprender, mediante desenvolvemento de técnicas para tratar a información: a realización de resumos, esquemas ou mapas conceptuais que resultan especialmente útiles nos procesos de aprendizaxe. Por outra banda, a reflexión e expresión oral e escrita sobre que se aprendeu, como e para que, contribuirá ao desenvolvemento desta competencia.

ÁREA DE LINGUA CASTELÁ

Competencia matemática y competencias básicas en ciencia y tecnología

O traballo desta competencia está baseado na experiencia, polo que partiremos sempre do mais cercano para poder abordar as diferentes situacións que o alumnado pode atopar. A resolución de problemas será unha ferramenta esencial para traballar a expresión oral e escrita. Recoñecer a importancia da ciencia na nosa vida e aplicar os coñecementos matemáticos á resolución de situacións problemáticas tamén desenvolve esta competencia.

Comunicación lingüística

As destrezas comunicativas son un eixe importante, polo que dotaremos ao alumnado de ferramentas que posibiliten o manexo progresivo da súa capacidade de comprensión e expresión tanto oral como escrita para poder axustarse á realidade cambiante.

Competencia digital

Esta competencia aporta moitas alternativas e formas de chegar a unha mellora da búsqueda da información de forma inmediata, entre outras cousas; isto lévanos á necesidade de saber manexar diferentes ferramentas para a adquisición de destrezas nesta área. Empregar distintas fontes de búsqueda, seleccionar o uso das máis fiables, elaborar información usando ferramentas TIC, actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e aplicar criterios éticos contribúe ao desenvolvemento desta competencia.

Conciencia y expresiones culturales

Esta competencia require un amplo abanico de característica, entre elas o dominio do compoñente socio-cultural. Mostrar respecto cara o patrimonio cultural, valorar a

interculturalidade, expresar sentimentos e emocións desde códigos artísticos, apreciar a beleza das expresións artísticas e elaborar traballo se presentacións con sentido estético, contribúen ao seu desenvolvemento.

Competencias sociais y cívicas

El desarrollo de esta competencia invita a crear ciudadanos conscientes e interesados en el desarrollo y la capacidad de interactuar en todos los ámbitos que forman y van a formar parte de su vida. Desenvolver a capacidade diálogo, mostrar dispoñibilidade de participación activa, aprender a comportarse desde o coñecemento dos ditintos valores e concebir unha escala propia de valores e actuar conforme a ela, facilitan o desenvolvemento desta competencia.

Sentido de iniciativa y espíritu emprendedor

Esta área conleva unha aprendizaxe proactiva, polo que é conveniente coñecer e utilizar os componentes da lingua para entrenar diferentes habilidades como forma de adquirir e fomentar o emprendemento: optimizar recursos persoais, xestionar o traballo en grupo, configurar unha visión de futuro realista e ambiciosa e actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

Aprender a aprender

Esta competencia adquirese a través da acción comunicativa no contexto de situacións sociais reais; ditas situacións supoñen distintas tarefas que nos levan a adquirir de forma progresiva aquilo que se pretende no alumnado. Para entrenar esta competencia o alumnado debe tomar conciencia da propia aprendizaxe, planificando os recursos e pasos a realizar , desenvolvendo estratexias de comprensión e evaluando a consecución de obxectivos desa aprendizaxe.

ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

O desenvolvemento desta competencia nesta área curricular permítenos utilizar, interpretar e expresar con claridade situacións cotiás contendo elementos matemáticos. Así mesmo, ofrece a posibilidade real de utilizar a actividade matemática en contextos variados para poder desenvolver así a utilización da linguaxe como instrumento para poder comunicarse e expresarse a diferentes niveis.

Comunicación lingüística

A expresión oral e a expresión escrita requiren dun adestramento en cada unha das áreas. De forma sistemática procuraremos adestrar polo menos un descriptor en cada unha das unidades didácticas.

Debido ao carácter da área, trataremos de que adquiran as destrezas comunicativas no uso da lingua. Será unha prioridade dotar o alumnado de estratexias que favorezan unha correcta aprendizaxe e que lle aseguren un manexo efectivo nas situacións cotiás e en diferentes contextos nos que se encontre.

Competencia dixital

Ser competente na utilización das Tecnoloxías da Información e a Comunicación como instrumento de traballo intelectual inclúe utilizalas na súa dobre función de transmisoras e xeradoras de información e coñecemento. Dende esta área faise necesario o manexo de ferramentas dixitais para a adquisición de información transformándoa en coñecemento.

Conciencia e expresións culturais

A través da lingua, podemos coñecer o mundo no que vivimos, o ámbito que nos rodea e os seus cambios, polo que esta competencia nos pode dar unha visión diferente dende a perspectiva das diferentes manifestacións culturais e a forma de expresión artística.

Competencias sociais e cívicas

A área de Lingua Galega e Literatura pídenos desenvolver unha serie de actitudes e valores que nos van levar a saber desenvolvernos na sociedade na que vivimos. Os indicadores desta competencia poden facilitar o adestramento de cada un dos descritores que enunciámos a continuación: coñecer e aplicar dereitos e deberes no contexto da escola, desenvolver capacidade de diálogo, mostrar participación activa, recoñecer diversidade de opinións e ideas, aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores...

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A área de Lingua Galega e Literatura esixe un proceso de ensino-aprendizaxe activo. O enfoque comunicativo radica na necesidade de utilizar a lingua. Será necesario iniciar o alumnado en adestrar diferentes habilidades de emprendemento como unha forma de consolidar as diferentes ferramentas para comunicarse. Asumir responsabilidades, xestionar e coordinar o grupo de traballo, amosar entusiasmo, asumir riscos e actuar con responsabilidade social van a contribuir a desenvolver esta competencia.

Aprender a aprender

A competencia de aprender a aprender supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo de acordo a aquilo que nos formulamos. Nesta área vese a necesidade de traballar de forma explícita a confianza nun mesmo para poder traballar cos outros e o gusto por aprender, identificando as potencialidades persoais, desenvolvendo as distintas intelixencias múltiples, planificando recursos e pasos na aprendizaxe, aplicando estratexias para a mellora do pensamento creativo.

ÁREA DE MATEMÁTICAS.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Os contidos da área de Matemáticas oriéntanse de xeito prioritario a garantir o desenvolvemento da competencia matemática en todos e cada un dos seus aspectos. Esta competencia está presente na comprensión dos diferentes tipos de números e as súas operacións, así como na utilización de diversos contextos para a construción de novos coñecementos matemáticos; na facultade de desenvolver razoamentos; na habilidade para identificar os distintos elementos matemáticos que se esconden tras un problema; tamén cando empregamos os medios para comunicar os resultados da actividade matemática ou cando utilizamos os coñecementos e as destrezas propias da área nas situacións que o requiran, tanto para obter conclusións coma para tomar decisións con confianza. É necesario remarcar, non obstante, que a contribución á competencia matemática se logra na medida que a aprendizaxe dos devanditos contidos vai dirixida precisamente á súa utilidade para enfrontarse ás múltiples ocasións nas que nenos e nenas empregan as matemáticas fóra da aula.

O desenvolvemento do pensamento matemático contribúe ás competencias básicas en ciencia e tecnoloxía porque fai posibles unha mellor comprensión e unha descrición máis axustada do contorno. En primeiro lugar, co desenvolvemento da visualización (concepción espacial). En segundo lugar, a través da medida lógrase un mellor coñecemento da realidade e aumentanse as posibilidades de interactuar con ela e de transmitir informacións cada vez máis precisas sobre aspectos cuantificables do seu ámbito.

Comunicación lingüística

Para fomentar o desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística desde a área de Matemáticas débese insistir en dous aspectos. Por unha parte a incorporación do esencial da linguaxe matemática á expresión habitual, a adecuada precisión no seu uso e a utilización das linguaxes gráfica e estatística, esenciais para interpretar a información sobre a realidade. Por outra parte, é necesario incidir nos contidos asociados á descrición verbal dos razoamentos e dos procesos. Trátase tanto de facilitar a expresión coma de propiciar a escoita das explicacións dos demais, o que desenvolve a propia comprensión, o espírito crítico e a mellora das destrezas comunicativas.

Competencia dixital

As Matemáticas contribúen á adquisición da competencia dixital en varios sentidos. Por unha parte porque proporcionan destrezas asociadas ao uso dos números, tales como a comparación, a aproximación ou as relacións entre as diferentes formas de expresalos, facilitando así a comprensión de informacións que incorporan cantidades ou medidas. Por outra parte, a través dos contidos do bloque cuxo nome é precisamente tratamento da información contribúese á utilización das linguaxes gráfica e estatística, esenciais para interpretar a información sobre a realidade. A iniciación ao uso de calculadoras e de ferramentas tecnolóxicas para facilitar a comprensión de contidos matemáticos está tamén unida ao desenvolvemento da competencia dixital.

Conciencia e expresións culturais

As Matemáticas contribúen á competencia Conciencia e expresións culturais desde a consideración do coñecemento matemático como contribución ao desenvolvemento cultural da humanidade. Así mesmo, o recoñecemento das relacións e formas xeométricas axuda na análise de determinadas producións artísticas, sendo capaz de utilizar os seus coñecementos matemáticos na creación das súas propias obras.

Competencias sociais e cívicas

Os contidos das Ciencias sociais (economía, climatoloxía, xeografía, poboación, produción, etc.) exprésanse en termos numéricos, gráficos, etc.. Por exemplo, a interpretación de pirámides de poboación, de gráficos económicos sobre o valor das cousas e climogramas abórdanse desde a área de Matemáticas para desenvolver aspectos vinculados coa competencia social e cívica. A achega á competencia social e cívica adquire unha dimensión singular, a través do traballo en equipo se se aprende a aceptar outros puntos de vista distintos ao propio, en particular á hora de utilizar estratexias persoais de resolución de problemas.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A resolución de problemas ten, polo menos, tres vertentes complementarias asociadas ao desenvolvemento desta competencia: a planificación, a xestión dos recursos e a valoración dos resultados. Na medida que a ensinanza das matemáticas incida nestes procesos e consideren situacións abertas, verdadeiros problemas, mellorarase a contribución da área a esta competencia. Actitudes asociadas á confianza na propia capacidade para enfrontarse con éxito a situacións incertas están incorporadas a través de diferentes contidos do currículo.

Aprender a aprender

O carácter instrumental dunha parte importante dos contidos da área proporciona valor para o desenvolvemento da competencia Aprender a aprender. Para o desenvolvemento desta competencia é necesario incidir desde a área nos contidos relacionados coa autonomía, a perseveranza e o esforzo ao abordar situacións de crecente complexidade, a sistematización, a mirada crítica e a habilidade para comunicar con eficacia os resultados do propio traballo. Por último, a verbalización do proceso seguido na aprendizaxe, contido que aparece con frecuencia neste currículo, axuda á reflexión sobre o que se aprendeu, o que falta por aprender, como e para que, co cal se potencia o desenvolvemento de estratexias que facilitan aprender a aprender.

ÁREA DE PLÁSTICA.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A área contribúe á adquisición da Competencia matemática e Competencias en ciencias e tecnoloxía ao abordar conceptos e representacións xeométricas presentes na arquitectura, no deseño, no mobiliario, nos obxectos cotiáns, no espazo natural, e naquelas ocasións nas que se necesitan referentes para organizar a obra artística no espazo. Así mesmo, aspectos traballados en música como o ritmo e as escalas, colaboran directamente coa consecución da Competencia matemática.

Comunicación lingüística

A través dos intercambios comunicativos que se xeran nas diversas actividades e proxectos, do uso das normas que o rexen, da explicación dos procesos e do vocabulario específico que a área achega, contribúese ao desenvolvemento da competencia en comunicación lingüística.

De forma específica, cancións ou sinxelas dramatizacións son un vehículo propicio para a adquisición de novo vocabulario e para desenvolver capacidades relacionadas coa fala, como a respiración, a dicción ou a articulación. Desenvólvese tamén esta competencia a través da descrición dos proxectos de traballo, das argumentacións sobre solucións achegadas no desenvolvemento dos proxectos e da propia presentación destes.

Competencia dixital

Mediante o uso da tecnoloxía como ferramenta para mostrar procesos relacionados coa música e as artes visuais e para achegar o alumnado á creación de producións artísticas e á análise da imaxe e do son e das mensaxes que estes transmiten, contribúese ao desenvolvemento da Competencia dixital.

Conciencia e expresións culturais

A área de Educación artística contribúe directamente en todos os aspectos que configuran a área á adquisición desta competencia. Nesta etapa ponse a énfase no coñecemento de diferentes códigos artísticos e nas técnicas e nos recursos que lle son propios, axudando o alumnado a iniciarse na percepción e na comprensión do mundo que o rodea e a ampliar as súas posibilidades de expresión e de comunicación cos demais. A posibilidade de representar unha idea de forma persoal, valéndose dos recursos que as linguaxes artísticas proporcionan, promove a iniciativa, a imaxinación e

a creatividade, ao tempo que ensina a respectar outras formas de pensamento e de expresión.

A área, ao propiciar o achegamento a diversas manifestacións culturais e artísticas, tanto do ámbito máis próximo coma doutros pobos, dota os alumnos e as alumnas de instrumentos para valoralas e para formular opinións cada vez máis fundamentais no coñecemento. Deste modo, poden ir configurando criterios válidos en relación cos produtos culturais e ampliar as súas posibilidades de ocio.

Competencias sociais e cívicas

A Educación artística favorece a participación en experiencias colectivas: colaxe, exposicións, experiencias musicais, etc., como forma de expresar ideas, sentimentos, vivencias tanto persoais coma grupais. A interpretación e a creación supoñen, en moitas ocasións, un traballo en equipo. A aceptación de normas desta forma de traballo, a cooperación, asunción de responsabilidades e utilización de espazos de xeito apropiado, son regras e normas dun desenvolvemento social e cívico adecuado. Todo iso fai que a área contribúa ao desenvolvemento da Competencia social e cívica.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A creatividade esixe actuar con autonomía, poñer en marcha iniciativas, barallar posibilidades e solucións diversas. O proceso non só contribúe á orixinalidade e á busca de formas innovadoras, senón que ademais xera flexibilidade polas diferentes respostas que poden obterse ante un mesmo suposto. Neste sentido a área de Educación artística contribúe á Competencia sentido de iniciativa e espírito emprendedor, actuando significativamente no proceso que leva ao neno desde a exploración inicial ata o produto final, o cal require unha planificación previa e demanda un esforzo por alcanzar resultados orixinais, non estereotipados. O traballo en equipo e as habilidades de planificación, organización e elaboración de proxectos de traballo supoñen o desenvolvemento de capacidades e habilidades básicas tales como: a perseveranza, a responsabilidade, a autocrítica e a autoestima, contribuíndo todas elas directamente ao desenvolvemento desta competencia.

Aprender a aprender

Á Competencia para aprender a aprender contribúese na medida en que se favoreza a reflexión sobre os procesos na manipulación de obxectos, a experimentación con técnicas e materiais e a exploración sensorial de sons, texturas, formas ou espazos, co fin de que os coñecementos adquiridos doten nenos e nenas dunha experiencia suficiente para utilizalos en situacións diferentes. O desenvolvemento da capacidade de observación, formula a conveniencia de establecer pautas que a guíen, co obxecto de que o exercicio de observar proporcione información relevante e suficiente. Neste sentido, a área fai competente en aprender, ao proporcionar protocolos de indagación e planificación de procesos susceptibles de ser utilizados noutras aprendizaxes.

ÁREA DE VALORES SOCIAIS E CÍVICOS.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

O desenvolvemento desta competencia nesta área curricular permítenos utilizar, interpretar e expresar con claridade elementos e razoamentos matemáticos para enfrontarse a aquelas situacións cotiás que os precisan. Así mesmo, esta competencia ofrece a posibilidade de empregar o razoamento lóxico, analizar e axuizar a partir de conflitos, e resolver problemas e xuízos morais de diversos problemas sociais e históricos.

Comunicación lingüística

Para o bo desenvolvemento desta competencia nesta área, será decisivo o fomento da lectura a través de libros e de fragmentos de textos escollidos para comentar na aula con dúas finalidades: mellorar a comprensión lectora e a adquisición de destrezas para a expresión escrita, e adquirir identidade sobre o que significa unha sociedade cívica. Todo iso co obxectivo de favorecer o coñecemento dos valores, os dereitos e os deberes destacados nos dereitos humanos, etc. Trataremos desde esta área de que adquiran as destrezas comunicativas, tanto orais coma escritas, e para iso, procuraremos adestrar polo menos un descriptor en cada unha das unidades didácticas.

Competencia dixital

Desenvolver a competencia dixital desde esta área axudaranos a manexar ferramentas que posibiliten o acceso ao coñecemento e ao mesmo tempo nos ensine o seu uso

responsable. Esta competencia favorecerá o traballo autónomo e participativo, fomentando a identidade persoal e a relación interpersoal. Empregar e seleccionar distintas formas de información e elaborar a propia a partir da obtida por estes medios, comprender mensaxes en diferentes códigos, actualizarse no uso das TIC e aplicar criterios éticos no seu uso, contribúen ao desenvolvemento desta competencia clave.

Conciencia e expresións culturais

A través desta competencia e desde esta área, posibilitase a adquisición de pautas sociais e cívicas persoais, interpersoais e interculturais para participar dunha forma eficaz e construtiva en sociedades cada vez máis diversificadas.

Competencias sociais e cívicas

A área de Valores Sociais e Cívicos pídennos que se facilite a construción da identidade individual e se potencien as relacións interpersoais para favorecer a convivencia de acordo a valores cívicos socialmente recoñecidos, polo que esta competencia fomentará todos aqueles aspectos que lle axuden ao alumnado a formarse como persoas e cidadáns participativos na mellora e o desenvolvemento dunha sociedade democrática.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

O sentido de iniciativa e espírito emprendedor beneficiará ao alumnado, xa que se iniciará no autoconecemento a distintos niveis para poder desenvolver habilidades que o leven a tomar iniciativas emprendedoras que faciliten a asunción da complexa convivencia social propiciando valores de interdependencia positiva e cooperación, de acordo cos valores, os dereitos e os deberes da sociedade na que se desenvolven.

Aprender a aprender

A competencia de aprender a aprender favorece a forma en que o proceso de ensino-aprendizaxe se vai consolidando no alumnado. As metodoloxías empregadas nesta área estarán relacionadas co traballo de investigación, de forma que a participación e a implicación do alumnado sexa real, así como o recoñecemento e a aceptación das normas sociais e de convivencia.

Nesta área insistirase na relación entre o progreso persoal e o académico, xa que iso supoñerá unha das bases para que se inicien na construción do seu propio proxecto persoal de vida.

3-OBXECTIVOS XERAIS DE TODAS AS MATERIAS

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicalos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.

j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.

k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.

l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.

m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.

n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.

o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

4- CONTIDOS E TEMPORALIZACIÓN POR MATERIAS

CIENCIAS DA NATUREZA

Iniciación á actividade científica.

B1.1. Iniciación á actividade científica.

B1.2. Emprego de diferentes fontes de información.

B1.3. Lectura de textos propios da área.

B1.4. Utilización das tecnoloxías da información e comunicación para buscar e seleccionar información, simular procesos e comunicar conclusións sobre os traballos realizados.

B1.5. Uso progresivamente autónomo do tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas, imaxes etc.). Xestión de ficheiros.

B1.6. Aproximación experimental a cuestións científicas próximas á súa realidade.

B1.7. Traballo individual e cooperativo.

B1.8. A igualdade entre homes e mulleres. A conduta responsable.

B1.9. A relación cos demais. A resolución pacífica de conflitos. Toma de decisións: criterios e consecuencias.

B1.10. Técnicas de traballo. Recursos e técnicas de traballo individual. Desenvolvemento de hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade.

B1.11. Hábitos de prevención de enfermidades e accidentes, na aula e no centro.

B1.12. Emprego de diversos materiais, tendo en conta as normas de seguridade.

B1.13. Elaboración de protocolos de uso das TIC na aula.

B1.14. Valoración da necesidade de controlar o tempo destinado ás tecnoloxías da información e da comunicación e o seu poder de adicción.

B1.15. Planificación e realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións, formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, montando, realizando e extraendo conclusións e presentando informes en diferentes soportes.

O ser humano e a saúde

B2.1. O corpo humano e o seu funcionamento.

B2.2. Anatomía e fisioloxía.

B2.3. Células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas.

B2.4. Diferentes tipos de células. Os virus e as bacterias.

B2.5. As funcións vitais no ser humano.

B2.6. Función de relación (órganos dos sentidos, sistema nervioso e aparello locomotor).

- B2.7. Función de nutrición (aparells respiratorio, dixestivo, circulatorio e excretor).
- B2.8. Función de reprodución (aparello reprodutor).
- B2.9. Saúde e enfermidade.
- B2.10. Principais enfermidades que afectan aos aparellos e sistemas do organismo humano.
- B2.11. Hábitos saudables para previr enfermidades.
- B2.12. Trastornos alimenticios.
- B2.13. Efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas.
- B2.14. Tipos de dietas.
- B2.15. Análise de etiquetas de produtos.
- B2.16. Avances da ciencia que melloran a saúde e a vida.
- B2.17. Coñecemento de actuacións básicas de primeiros auxilios.

Os seres vivos

- B3.1. Seres vivos, seres inertes. Diferenciación.
- B3.2. Organización e estrutura dos seres vivos: células, tecidos: tipos; órganos; aparellos e sistemas: principais características e funcións.
- B3.3. Os seres vivos: características, clasificación e tipos.
- B3.4. Os animais vertebrados e invertebrados, características e clasificación.
- B3.5. As plantas: estrutura e fisioloxía. A fotosíntese e a súa importancia para a vida na Terra.
- B3.6. As relacións entre os seres vivos. Cadeas alimentarias. Poboacións, comunidades e ecosistemas. Características e compoñentes dun ecosistema.
- B3.7. Ecosistemas: pradería, poza, lagoa, bosque, litoral e cidade e os seres vivos. A biosfera, diferentes hábitats dos seres vivos.
- B3.8 Hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos.
- B3.9. Uso de medios tecnolóxicos para o estudo dos seres vivos.
- B3.10. Interese pola observación e polo estudo rigoroso de todos os seres vivos.
- B3.11. Uso da lupa para a observación científica.

Materia e enerxía

- B4.1. Concepto de enerxía. Diferentes formas de enerxía. A luz como fonte de enerxía.
- B4.2. Electricidade: a corrente eléctrica. Circuitos eléctricos. Magnetismo: o magnetismo terrestre. O imán: o compás.

B4.3. Os cambios de estado. As reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación.

B4.4. Fontes de enerxía e materias primas: a súa orixe. Enerxías renovables e non renovables.

B4.5. Fontes de enerxías renovables e non renovables. O desenvolvemento enerxético, sostible e equitativo.

B4.6. Utilidade dalgúns avances, produtos e materiais para a sociedade.

B4.7. Planificación e realización de experiencias diversas para estudar as propiedades de materiais de uso común e o seu comportamento diante da luz, o son, a calor, a humidade e a electricidade.

B4.8. Predición de cambios no movemento ou na forma dos corpos por efecto das forzas.

B4.9. Observación dalgúns fenómenos de natureza eléctrica e os seus efectos (luz e calor).

B4.10. Atracción e repulsión de cargas eléctricas.

B4.11. Separación de compoñentes dunha mestura mediante destilación, filtración, evaporación ou disolución.

B4.12. Reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación.

B4.13. Normas de prevención de riscos.

A tecnoloxía, obxectos e máquinas

B5.1. Máquinas e aparellos. Tipos de máquinas na vida cotiá e a súa utilidade.

B5.2. Análise de operadores e emprego na construción dun aparello.

B5.3. Construción de estruturas sinxelas que cumpran unha función ou condición para resolver un problema a partir de pezas moduladas.

B5.4. A electricidade no desenvolvemento das máquinas.

B5.5. Elementos dos circuitos eléctricos.

B5.6. Efectos da electricidade.

B5.7. Condutores e illantes.

B5.8. A relación entre electricidade e magnetismo.

B5.9. A ciencia: presente e futuro da sociedade.

B5.10. Beneficios e riscos das tecnoloxías e produtos.

B5.11. Importantes descubrimentos e inventos.

Temporalización

Por bloques:

1ª avaliación:

- Bloque de iniciación á actividade científica
- Os seres vivos

2ª avaliación

- Ser humano e a saúde

3ª avaliación

- A tecnoloxía, obxectos e máquinas
- Materia e enerxía

CIENCIAS SOCIAIS

Contidos comúns

B1.1. Iniciación ao coñecemento científico, toma de conciencia das fases do mesmo e a súa aplicación nas Ciencias sociais.

B1.2. Recollida de información do tema a tratar, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas).

B1.3. Utilización das tecnoloxías da información e a comunicación para buscar e seleccionar información, simular procesos e presentar conclusións.

B1.4. Desenvolvemento de estratexias para organizar, asimilar e recuperar a información obtida mediante diferentes métodos e fontes.

B1.5. Técnicas de traballo intelectual.

B1.6. Estratexias para desenvolver a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo. Elaboración dun glosario colectivo.

B1.7. Uso e utilización correcto de diversos materiais cos que se traballa.

B1.8. Utilización e lectura de diferentes linguaxes textuais e gráficos.

B1.9. Fomento de Técnicas de animación á lectura de textos de divulgación das Ciencias sociais (de carácter social, xeográfico e histórico). A prensa escrita e dixital como fonte de información.

B1.10. Utilización de técnicas para potenciar a cohesión do grupo e o traballo cooperativo.

B1.11. Estratexias para a resolución de conflitos, utilización das normas de convivencia e valoración da convivencia pacífica e tolerante.

B1.12. Participación activa e construtiva na vida social

B1.13.A cooperación e o diálogo como valores democráticos fundamentais.

B1.14.Iniciativa emprendedora. Actividades de experimentación.

B1.15.Planificación e xestión de proxectos co fin de acadar obxectivos.

O mundo que nos rodea

B2.1.Cartografía. Planos, mapas e planisferios.

B2.2.Tipos de mapas: físicos, políticos e temáticos.

B2.3. Escalas e signos convencionais dun mapa.

B2.4.Técnicas de orientación no espazo. Elaboración dun itinerario de viaxe coa axuda de ferramentas dixitais.

B2.5.O clima. Elementos e factores climáticos.

B2.6.A paisaxe: elementos que o forman, tipos de paisaxes.

B2.7.Características dos principais paisaxes de España e de Europa

B2.8.A diversidade xeográfica das paisaxes de Europa: relevo, climas e hidrografía.

B2.9. Utilización e consulta en sistemas de información xeográfica.

B2.10.A intervención humana no medio. Consumo responsable. Os problemas da contaminación.

B2.11.O desenvolvemento sostible.

B2.12. Elaboración dun plan de reciclaxe.

B2.13.O cambio climático: causas e consecuencias.

Vivir en sociedade

B3.1.A Unión Europea.

B3.2.A organización económica, social, política e territorial da Unión Europea.

- Aproximación a algunhas características significativas dos países europeos a través dun proxecto cooperativo.

B3.3.Demografía e poboación. Variables demográficas.

B3.4.Conceptos demográficos: poboación absoluta, densidade de poboación distribución espacial, crecemento natural e crecemento real da poboación.

B3.5.Representación gráfica de datos demográficos: as pirámides de poboación.

B3.6 Poboación de Europa: distribución e evolución.

B3.7.Os movementos migratorios: éxodo rural, a emigración a Europa, a chegada de emigrantes ao noso país, problemas actuais da poboación. Estudo dos movementos migratorios da familia.

- B3.8.As actividades económicas e os sectores produtivos de España e Europa.
- B3.9.A produción de bens e servizos.
- B3.10.O consumo e a publicidade. Debates sobre a influencia da publicidade nas nosas prácticas diarias.
- B3.11.Educación financeira. O diñeiro. O aforro. Elaboración dun presuposto persoal.
- B3.12.Empregabilidade e espírito emprendedor.
- B3.13.A empresa. Actividade e funcións.
- B4.1.As idades da historia: duración e datación dos feitos históricos significativos que as acoutan.
- B4.2.As fontes históricas e a súa clasificación. Realización dun traballo expositivo seleccionando e clasificando distintas fontes (artísticas, literarias, gráficas, estatísticas, cartográficas, orais, etc.)

As pegadas do tempo

- B4.1.As idades da historia: duración e datación dos feitos históricos significativos que as acoutan.
- B4.2.As fontes históricas e a súa clasificación. Realización dun traballo expositivo seleccionando e clasificando distintas fontes (artísticas, literarias, gráficas, estatísticas, cartográficas, orais, etc.)
- B4.3.O tempo histórico e a súa medida.
- B4.4.Técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado: os mapas históricos e as liñas do tempo. Realización dunha liña do tempo que recolla os acontecementos históricos máis relevantes que marcan as idades da historia.
- B4.5.As transformacións económicas, políticas, sociais e culturais do século XIX.
- B4.6.España na Idade Contemporánea I: o século XIX.
- B4.7.As transformacións económicas, políticas, sociais e culturais do século XX.
- B4.8.España na Idade Contemporánea II: o século XX. Mulleres e homes relevantes na historia de España e Galicia.
- B4.9.España na Unión Europea.
- B4.10.O Mundo Actual. Realización de arquivos sobre temas de actualidade.
- B4.11.Noso patrimonio histórico e cultural.
- B4.12.Patrimonio da Humanidade. Elaboración dunha guía sobre os sitios e lugares Patrimonio da Humanidade.
- B4.13.Museos, sitios e monumentos históricos como espazos de aprendizaxe e gozo.

TEMPORALIZACIÓN

Por bloques

1ª avaliación

- Os contidos comúns
- mundo que nos rodea

2ª avaliación

- Vivir en sociedade

3ª avaliación

- As pegadas do tempo

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

Comunicación oral: Falar e escoitar

-Situacións de comunicación, espontáneas ou dirixidas, utilizando un discurso ordenado e coherente e estratexias e normas para o intercambio comunicativo. Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais

-Expresión, comprensión e produción de textos orais de diferentes tipos, valorando o sentido estético e a creatividade.

-Valoración dos contidos transmitidos polos diferentes textos e resúmen oral dos mesmos

-Dramatizacións de textos literarios adaptados á idade, tanto de autores coñecidos como de produción propia

Comunicación escrita: ler.

-Recursos gráficos na comunicación escrita. Consolidación do sistema de lectoescritura

-Lectura e comprensión de distintos tipos de textos, usando estratexias para a comprensión lectora: relectura, palabras clave, contexto....Resumo de distintos tipos de textos

-Gusto pola lectura. Hábito lector. Lectura de diferentes textos como fonte de información, deleite e diversión. Uso da biblioteca para buscar información e como fonte de aprendizaxe.

-Selección de libros según o gusto persoal. Plan lector.

Comunicación escrita: escribir

-Producción de diferentes tipos de textos para comunicar coñecementos, experiencias e necesidades, técnicas de cohesión, normas e estratexias necesarias para a escritura dos mesmos.

-Aplicación de normas ortográficas e signos de puntuación. Caligrafía e presentación dos textos. Dictados e plan de escritura.

Conocimiento de la lengua.

-A palabra. Clases. Características e usos de cada clase de palabras: nome, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, conxunción, pronome, artigo, determinante..

-Conxugación de verbos regulares e irregulares

-A sílaba: diptongos e hiatos.

-Sinonimia, polisemia, homonimia. Arcaísmos, neoloxismos e estranxeirimos. Frases feitas. Formación das palabras, recursos derivativos.

-Ortografía: utilización das regras básicas de ortografía. Signos de puntuación.

-Relacións gramaticais. As oracións simples: suxeito, predicado e complementos

-As variedades da lingua. Coñecemento e valoración da realidade plurilingüe de España como mostra de riqueza do noso patrimonio histórico e cultural.

Educación literaria.

-Coñecemento de distintos tipos de textos tradicionais: contos, lendas tanto de España como de outros países

-Lectura de textos narrativos de tradición oral, de literatura infantil, de adaptacións de obras clásicas e de literatura actual, de poemas, relatos e obras teatrais, co ritmo e entonación adecuados en cada caso, e comentario das lecturas feitas.

-Identificación de recursos literarios e aplicación deste coñecemento a obras de creación propia tanto en prosa como en verso, valorando o sentido estético e a creatividade.

-Valoración dos textos literarios como vehículo de comunicación e fonte de coñecemento de outros mundos, tempos e culturas e como disfrute persoal.

TEMPORALIZACIÓN

Ao longo do curso traballaranse contidos de todos os bloques, todas as semanas e en todas as avaliacións. Todos os temas traballan de xeito progresivo e constante contidos de comunicación oral e escrita tanto a nivel de lectura e comprensión como de escritura, con diferentes actividades adicadas a que o alumnado progresa no seu nivel de lectura tanto a nivel mecánico como comprensivo: ditados, resumos, esquemas, recensións e

comentarios de lecturas, textos de produción propia, buscando sempre que o alumnado remate a educación primaria cun bo dominio da lingua tanto a nivel oral como escrito. O fundamental é ese dominio final, un uso correcto da lingua tanto a nivel oral como escrito, con dominio da ortografía e da gramática. Ao mesmo tempo en cada tema vanse traballando distintos contidos relacionados co coñecemento da lingua, contidos gramaticais e de regras de escritura básicas. Tamén se van traballando de xeito progresivo os contidos de literatura, con estudo de distintas figuras literarias, coñecemento dalgúns autores e obras, e desenvolvendo sempre tarefas relacionadas con este aspecto da lingua. Todos os coñecementos que o alumnado vai adquirindo serán de uso constante ao longo de todo o curso. Para cada avaliación traballaremos os contidos de catro temas do libro de texto, onde se traballan os diferentes bloques de coñecemento.

LINGUA GALEGA

Comunicación oral: falar e escoitar.

-Comprensión de textos orais procedentes da radio, da televisión ou da internet, distinguindo información de opinión. Valoración dos medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións .Uso de documentos audiovisuais como medio de obter, identificar, seleccionar, clasificar, comparar e relacionar con progresiva autonomía informacións relevantes para aprender.

-Interpretación elemental en textos orais da retransca, da ironía e de dobres sentidos, recoñecendo a primeira como un trazo característico da lingua galega.

-Comprensión e produción de textos orais breves para aprender e para informarse, tanto os creados con finalidade didáctica como os de uso cotián, de carácter informal e dun maior grao de formalización.

-Actitude de escoita adecuada ante situacións comunicativas. Participación e cooperación nas situacións comunicativas de relación social, especialmente as destinadas a favorecer a convivencia, con valoración e respecto das normas que rexen a interacción oral. Uso dunha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

-Uso de estratexias elementais para comprender e facer comprender as mensaxes orais: fluidez, claridade, orde, léxico apropiado, pronuncia correcta, ton de voz, entoación, xestualidade.

-Recoñecemento e valoración das diferenzas dialectais orais da lingua galega, como elemento enriquecedor da lingua. Identificación da lingua galega con calquera contexto de uso oral da lingua: en diferentes ámbitos profesionais e en conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.

Comunicación escrita: ler.

-Comprensión da información relevante en textos das situacións cotiás de relación social. Comprensión de textos procedentes dos medios de comunicación social, para obter información xeral, localizando informacións destacadas.

-Comprensión de textos do ámbito escolar en soporte papel ou dixital para aprender e para informarse. Integración de coñecementos e de informacións procedentes de diferentes soportes para aprender. Subliñado, esquematización e resumo da información relevante dun texto.

-Uso dirixido das tecnoloxías da información e da comunicación para a localización, selección, interpretación e organización da información.

-Realización de diferentes tipos de lectura: de investigación, de aprendizaxe, de gozo persoal, de resolución de problemas.

-Lectura expresiva de textos literarios e non literarios, de diferente tipoloxía textual..Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios e non literarios. Análise de textos sinxelos escritos en diferentes variedades da lingua galega.

-Uso da biblioteca de aula e do centro.Utilización das bibliotecas, incluíndo as virtuais, de xeito cada vez máis autónomo, para obter información e modelos para a produción escrita. Interese por formar unha biblioteca persoal. Desenvolvemento da autonomía lectora, da capacidade de elección de temas e de textos e de expresión das preferencias persoais.

Comunicación escrita: escribir.

-Uso das estratexias de planificación, de textualización (formato, estrutura, ortografía e normas lingüísticas, puntuación, coherencia e cohesión...) e revisión como partes do proceso escritor.

-Composición de textos propios de situacións cotiás de relación social, de información e de opinión característicos dos medios de comunicación social, de textos relacionados co ámbito académico e redacción de textos breves creativos: carteis publicitarios, anuncios, cómics, poemas, cancións, anécdotas...

-Uso progresivamente autónomo das TIC na busca de información, o tratamento dos textos e a realización de presentacións.

-Interese polo coidado e a presentación dos textos escritos e respecto pola norma ortográfica.

-Valoración da escritura como instrumento de relación social, de obtención e de reelaboración da información e dos coñecementos.

Coñecemento da lingua.

-Uso e identificación intuitiva da terminoloxía seguinte nas actividades de produción e interpretación: denominación dos textos traballados; clases de palabras, sílaba tónica e átona; enunciados: frase e oración; tipos de enunciado: declarativo, interrogativo, exclamativo, imperativo; enlaces: preposición e conxunción; grupos de palabras: núcleo e complementos; substantivos, artigos e pronomes; adxectivo; tempo e modo verbal; persoa gramatical; modo imperativo e infinitivo; complementos do nome e complementos do verbo: o suxeito.

-Coñecemento e aplicación das normas ortográficas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas nos escritos.

-Comparación de estruturas sintácticas diversas para observar a súa equivalencia semántica ou posibles alteracións do significado.

-Identificación, en oracións, do verbo e os seus complementos. Transformación de oracións de activa en pasiva, e viceversa, para mellorar a comprensión de determinados textos.

-Exploración das posibilidades de uso de diversos enlaces entre oracións (causa, consecuencia, finalidade, contradición, condición...), así como doutros elementos de cohesión, en relación coa composición de textos.

-Práctica do paso de estilo directo a estilo indirecto na narración, e viceversa, para mellorar a produción de textos.

-Uso eficaz do dicionario, en papel ou dixital. Ampliación do vocabulario, mediante o traballo con palabras sinónimas, antónimas, homónimas, polisémicas; aumentativos e

diminutivos, arcaísmos, neoloxismos, estranxeirismos, frases feitas, siglas e abreviaturas. Ampliación do vocabulario mediante os procedementos de creación de palabras: derivación e composición.

-Coñecemento xeral das características relevantes (históricas, socioculturais...) da lingua galega e identificación e valoración desta lingua dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa.

Comparación entre aspectos das linguas que o alumnado coñece e/ou está a aprender para mellorar os procesos comunicativos e recoñecer as interferencias.

Educación literaria.

-Escoita, memorización e reprodución de textos procedentes da literatura popular oral galega e da literatura galega en xeral.. Valoración e aprecio do texto literario galego.

-Lectura persoal, silenciosa e en voz alta de obras en galego adecuadas á idade e aos intereses (conto, cómic, novela). Lectura guiada de textos da literatura infantil, adaptacións de obras literarias clásicas e literatura actual en diversos soportes. Lectura comentada de poemas, de relatos e de obras teatrais. Recreación e composición de poemas e relatos. Dramatización e lectura dramatizada de textos literarios diversos.

-Valoración da literatura en calquera lingua. Interese por coñecer os modelos narrativos e poéticos que se utilizan noutras culturas. Comparación de imaxes, símbolos e mitos facilmente interpretables que noutras culturas serven para entender o mundo e axudan a coñecer outras maneiras de relacións sociais.

TEMPORALIZACIÓN

Ao igual que na área de lingua castelá, traballaranse contidos de todos os bloques, todas as semanas e en todas as avaliacións. Todos os temas traballan de xeito progresivo e constante contidos de comunicación oral e escrita tanto a nivel de lectura e comprensión como de escritura, con diferentes actividades adicadas a que o alumnado progresa no seu nivel de lectura tanto a nivel mecánico como comprensivo: ditados, resumos, esquemas, recensións e comentarios de lecturas, textos de produción propia, buscando sempre que o alumnado remate a educación primaria cun bo dominio da lingua tanto a nivel oral como escrito. O fundamental é ese dominio final, un uso correcto da lingua tanto a nivel oral como escrito, con dominio da ortografía e da gramática. Ao mesmo tempo en cada tema vanse traballando distintos contidos relacionados co coñecemento da lingua, contidos gramaticais e de regras de escritura básicas. Tamén se van

traballando de xeito progresivo os contidos de literatura, con estudo de distintas figuras literarias, coñecemento dalgúns autores e obras, e desenvolvendo sempre tarefas relacionadas con este aspecto da lingua. Todos os coñecementos que o alumnado vai adquirindo serán de uso constante ao longo de todo o curso. Os contidos e actividades a traballar cada avaliación serán os correspondentes a catro unidades do libro de texto, onde o alumnado traballará arredor de todos os bloques de contidos.

MATEMÁTICAS

Procesos, métodos e actitudes en Matemáticas.

- Planificación do proceso de resolución de problemas: Análise e comprensión do enunciado.
- Estratexias e procedementos postos en práctica: facer un debuxo, unha táboa, un esquema da situación, ensaio e erro razoado, operacións matemáticas adecuadas, etc.
- Formulación de pequenas investigacións en contextos numéricos, xeométricos e funcionais.
- Achegamento ao método de traballo científico mediante o estudo dalgunhas das súas características e a súa práctica en situacións sinxelas.
- Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes adecuadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.
- Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, realizar cálculos numéricos, resolver problemas e presentar resultados.
- Integración das Tecnoloxías da Información e a Comunicación no proceso de aprendizaxe.

Números e álgebra.

- Números enteiros, decimais e fraccións. Orde numérica. Comparación de números. Nome e grafía dos números de máis de seis cifras.
- Equivalencias entre os elementos do Sistema de Numeración Decimal: unidades, decenas, centenas, etc. Redondeo de números naturais ás decenas, centenas e millares. O Sistema de Numeración Decimal: valor posicional das cifras.
- O número decimal: décimas, centésimas. Os números decimais: valor de posición. Redondeo de números decimais ás décimas e ás centésimas.

-Concepto de fracción dunha cantidade. Redución de fracción a común denominador. Representación gráfica. Fraccións equivalentes. Relación entre fracción e número decimal, aplicación á ordenación de fraccións.

-Divisibilidade: múltiplos, divisores, números primos e números compostos. Criterios de divisibilidade.

-Números positivos e negativos. Suma e resta

-Estimación de resultados. Comprobación de resultados mediante estratexias aritméticas.

-Ordenación de conxuntos de números de distinto tipo.

Operacións:

-Operacións con números naturais: adición, subtracción, multiplicación e división.

-A multiplicación como suma de sumandos iguais e viceversa. As táboas de multiplicar.

-Potencia como produto de factores iguais. Potencia como expresión de números grandes. Potencias de base 10.

-Identificación e uso dos termos propios da división.

-Propiedades das operacións e relacións entre elas utilizando números naturais.

-Operacións con fraccións.

-Operacións con números decimais.

-Porcentaxes e proporcionalidade: Expresión de partes utilizando porcentaxes. Correspondencia entre fraccións sinxelas, decimais e porcentaxes. Aumentos e diminucións porcentuais.

-Proporcionalidade directa. A Regra de tres en situacións de proporcionalidade directa.

-Resolución de problemas da vida cotiá.

-Operacións con medidas de ángulos.

Cálculo:

-Utilización dos algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división. Automatización dos algoritmos.

-Descomposición, de forma aditiva e de forma aditivo-multiplicativa.

-Descomposición de números naturais atendendo ao valor posicional das súas cifras. Construción de series ascendentes e descendentes.

-Construción e memorización das táboas de multiplicar. Obtención dos primeiros múltiplos dun número dado. Obtención de todos os divisores de calquera número menor que 100.

-Descomposición de números decimais atendendo ao valor posicional das súas cifras.

-Calculo de tantos por cento en situacións reais.

-Elaboración e uso de estratexias de cálculo mental. Utilización da calculadora.

Medidas.

-Unidades de volume no Sistema Métrico Decimal. Realización de medicións de volume.

-Realización de medicións de lonxitude. Realización de medicións de superficie.

-Medida do tempo usando o sistema sesaxesimal.

-Medida de volumes. Resolución de problemas de medida de volumes referidos a situacións da vida diaria.

-Medida de ángulos.

-Unidades de medida como magnitudes directamente proporcionais.

Xeometría.

-Descrición de posicións e movementos.

-A representación elemental do espazo, escalas e gráficas sinxelas.

-Formas espaciais: elementos, relacións e clasificación.

-Corpos xeométricos: elementos, relacións e clasificación.

-Poliedros. Elementos básicos: vértices, caras e arestas.

-Tipos de triángulos e paralelogramos.

-Corpos redondos: cono, cilindro e esfera.

-Cálculo de áreas e perímetros de triángulos, paralelogramos, polígonos regulares e do círculo.

-lonxitude da circunferencia.

-Tipos de triángulos segundo os seus lados e ángulos.

Estatística e probabilidade.

-Gráficos e parámetros estatísticos.

-Recollida e clasificación de datos cualitativos e cuantitativos.

-Construción de táboas de frecuencias.

- Iniciación intuitiva ás medidas de centralización: a media aritmética e a moda.
- Interpretación de gráficos sinxelos: diagramas de barras, poligonais e sectoriais.
- Análise das informacións que se presentan mediante gráficos estatísticos.
- Carácter aleatorio dalgunhas experiencias.
- Iniciación intuitiva ao cálculo da probabilidade dun suceso.

TEMPORALIZACIÓN

Os contidos do bloque primeiro (procesos, métodos e actitudes en matemáticas) estarán presentes ao longo de todo o curso, o mesmo que o cálculo e a resolución de problemas que serán de vital importancia para superar a materia, sendo elemental á aplicación dos conceptos aprendidos en cada unidade á resolución de problemas, é dicir a aplicación dos coñecementos matemáticos á realidade do alumnado e a situacións da vida cotiá.

En particular

1ª avaliación – centraremonos nos contidos do bloque de “números e álgebra”, “operacións” e “cálculo”: Números e operacións, Potencias e raíz cadrada, Números positivos e negativos, Números decimais, coas súas propiedades, operacións e problemas.

2ª avaliación- contidos dos bloques de” números e álgebra “, de “medidas” e de “xeometría”: Fraccións, Operacións con fraccións, Porcentaxes e proporcionalidade,

3º avaliación- Sistemas de medidas, figuras planas e o seu estudo, o perímetro e a superficie de paralelogramos, triángulos, polígonos regulares, círculo e circunferencia.

Estudo de poliedros e corpos redondos. Estadística e probabilidade

PLÁSTICA

Observación plástica

- Exploración das características, elementos, técnicas e materiais que as obras artísticas ofrecen e suxiren para a súa recreación e creación de obras novas.
- Documentación, rexistro e valoración de formas artísticas e artesanais representativas da expresión cultural de Galicia e doutras colectividades.
- Busca de información sobre producións artísticas, autoras e autores

-Diálogo ante unha obra de arte expresando o que gusta e non gusta, o significado que poidan ter certos elementos da obra (a cor, a liña, a técnica empregada, os materiais, a luz, a perspectiva...) coas sensacións producidas.

- Apreciación dos diferentes significados que pode ter unha obra de arte

-Valoración positiva da diversidade de opinións, de xuízos, de gustos e de argumentos relacionados coa expresión plástica.

- Iniciación á análise das formas de representación de volumes no plano segundo o punto de vista ou a situación no espazo.

- Análise e valoración da intención comunicativa das imaxes nos medios e tecnoloxías da información e da comunicación

- Comparación de mostras de diversos materiais e observación destes transformados en producións artísticas.

- Valoración e apreciación da obra artística como instrumento de comunicación persoal e de transmisión de valores culturais.

Expresión e creación plástica

- Emprego de tecnoloxías da información e da comunicación para o tratamento de imaxes, deseño e animación, e para a difusión dos traballos elaborados.

- Composición de pezas recreando as obras artísticas analizadas (ou aspectos delas), logo de busca de información sobre a obra, a época de elaboración, a autora ou o autor.

- Preparación de documentos propios da comunicación artística como carteis, guías ou programas de man para difundir e informar sobre unha exposición.

- Constancia e esixencia progresiva no proceso de realización aplicando estratexias creativas na composición

- Incorporación progresiva e utilización durante o proceso de produción dalgunha terminoloxía propia da linguaxe plástica.

- Seguimento cada vez máis autónomo dun proceso para chegar á materialización plástica dunha idea.

- Organización progresiva do proceso de elaboración concretando o tema xurdido desde a percepción sensorial, a imaxinación, a fantasía ou a realidade, prevendo os recursos necesarios para a realización, explorando as posibilidades de materiais e de instrumentos e mostrando confianza nas posibilidades de creación.

- Apreciación da orixinalidade como fundamento da conduta creativa e respecto ás obras doutras persoas.

TEMPORALIZACIÓN- non haberá unha temporalización concreta por trimestres como noutras materias, dado que traballaremos desde a realización de diferentes actividades os distintos contidos durante todo o curso, así en cada trimestre o alumnado traballará todos os contidos con diferentes actividades: debuxo, pintura, collage, murais, obras de creación propia ou copias de diferentes artistas, búsqueda de información sobre diferentes temas relacionados coa materia, traballos tanto individuais como en grupo...

VALORES CÍVICOS E SOCIAIS

- A identidade e dignidade persoal: autoconcepto, autoconhecimento e autovaloración. Autocontrol e regulación dos sentimentos.
- A iniciativa, o emprendemento e automotivación. Responsabilidade e toma de decisións meditada. Sentido de compromiso respecto a un mesmo e aos demais.
- A comprensión e o respecto nas relacións interpersoais. Habilidades de comunicación. O diálogo. O respecto e a tolerancia. A empatía. Dereitos e deberes .
- A convivencia e os valores sociais. A interdependencia e a cooperación. A resolución de conflitos. Os valores sociais e a democracia. O respecto e a conservación do medio.

TEMPORALIZACIÓN

A temporalización non terá un esquema estricto, xa que os contidos desta materia traballan sobre todo habilidades sociais, de coñecemento dun mesmo e de relación cos demais, polo tanto, irase traballando primeiro o coñecemento dun mesmo, o autocontrol e autovaloración. Logo o coñecemento dos demais, a empatía, as relacións sociais, procurando que o alumnado desenvolva habilidades de comunicación e relación social, con comprensión, respecto e tolerancia. O coñecemento dos dereitos e deberes, a resolución de conflitos ocuparán un tempo importante, ademais do coñecemento dos valores democráticos e da conservación do medio

5-CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Ciencias da Natureza

B1.1. Obter información relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, facendo predicións sobre sucesos naturais, integrando datos de observación directa e indirecta a partir da consulta de fontes directa e indirectas e comunicando os resultados en diferentes soportes.

B1.2. Establecer conxecturas tanto respecto de sucesos que ocorren dunha forma natural como sobre os que ocorren cando se provocan a través dun experimento ou dunha experiencia.

B1.3. Traballar de forma cooperativa, apreciando o coidado pola seguridade propia e a dos seus compañeiros/as, coidando as ferramentas e facendo uso adecuado dos materiais

B1.4. Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións en diferentes soportes.

B2.1. Identificar e localizar os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do corpo humano e establecer algunhas relacións fundamentais entre elas e determinados hábitos de saúde.

B2.2. Coñecer o funcionamento de células, tecidos, órganos, aparellos, sistemas: a súa localización, forma, estrutura, funcións, coidados etc.

B2.3. Relacionar determinadas prácticas de vida co adecuado funcionamento do corpo, adoptando estilos de vida saudables e coñecendo as repercusións para a saúde.

B3.1. Coñecer a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, tipos, órganos, aparellos e sistemas: identificando as principais características e funcións.

B3.2. Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos.

B3.3. Investigar as características de ecosistemas do seu contorno mediante a recollida de datos, facendo hipóteses, empregando diversas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes, mostrando interese pola rigorosidade e hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos.

B4.1. Coñecer leis básicas que rexen fenómenos como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica, os cambios de estado e as reaccións químicas: a combustión, a oxidación e a fermentación.

B4.2. Coñecer as características das fontes de enerxía e materias primas renovables e non renovables e relacionalas co desenvolvemento enerxético e sostible.

B4.3. Planificar e realizar sinxelas investigacións para estudar o comportamento dos corpos diante das forzas, a luz, a electricidade, o magnetismo, a calor ou o son.

B4.4. Realizar experiencias sinxelas e pequenas investigacións sobre diferentes fenómenos físicos e químicos da materia.

B5.1. Coñecer os principios básicos que rexen as máquinas e os aparellos.

B5.2. Planificar a construción de obxectos e aparellos cunha finalidade previa, empregando fontes enerxéticas, operadores e materiais apropiados, realizando o traballo

individual e en equipo e proporcionando información sobre que estratexias se empregaron.

B5.3. Realizar experiencias sinxelas para coñecer as leis básicas que rexen a transmisión da corrente eléctrica.

B5.4. Coñecer os principais avances da ciencia e da tecnoloxía. Identificar os beneficios e riscos.

Ciencias Sociais

B1.1. Obter información concreta e relevante sobre feitos ou fenómenos previamente delimitados, utilizando diferentes fontes (directas e indirectas)

B1.2. Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para obter información e como instrumento para aprender, e expresar contidos sobre Ciencias sociais.

B1.3. Desenvolver a responsabilidade, a capacidade de esforzo e a constancia no estudo.

B1.4. Realizar traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñan a busca, selección e organización de textos de carácter social, xeográfico ou histórico, amosando habilidade para traballar tanto individualmente como de maneira colaborativa dentro dun equipo.

B1.5. Valorar o traballo en grupo, amosando actitudes de cooperación e participación responsable, aceptando as diferenzas con respecto e tolerancia cara ás ideas e achegas alleas nos diálogos e debates.

B1.6. Respecta a variedade dos diferentes grupos humanos e valora a importancia dunha convivencia pacífica e tolerante entre todos eles sobre a base dos valores democráticos e os dereitos humanos universalmente compartidos.

B1.7. Participa dunha maneira eficaz e construtiva na vida social creando estratexias para resolver conflitos e empregando códigos de conduta xeralmente aceptados.

B1.8. Valorar a cooperación e o diálogo como forma de evitar e resolver conflitos, fomentando os valores democráticos.

B1.9. Desenvolver a creatividade e o espírito emprendedor aumentando as capacidades para aproveitar a información, as ideas e presentar conclusións innovadoras.

B1.10. Desenvolver actitudes en cooperación e de traballo en equipo, así como o hábito de asumir novos roles nunha sociedade en continuo cambio.

B2.1. Describir correctamente planos e mapas, incluíndo os planisferios, interpretando a súa escala e signos convencionais.

B2.2. Identificar os elementos que inflúen no clima, explicando como actúan nel e adquirindo unha idea básica de clima e dos factores que o determinan.

B2.3. Explicar que é unha paisaxe, identificar os principais elementos que o compoñen e as características dos principais paisaxes de España e de Europa.

B2.4. Identificar as principais unidades de relevo de Europa, os seus climas e a súa rede hidrográfica, localizándoos nun mapa.

B2.5. Explicar a influencia do comportamento humano no medio natural, identificando o uso sostible dos recursos naturais propoñendo unha serie de medidas necesarias para o desenvolvemento sostible da humanidade, especificando os seus efectos positivos.

B2.6. Explicar as consecuencias que teñen as nosas accións sobre o clima e o cambio climático.

B3.1. Identificar a estrutura e os fins da Unión Europea, explicando algunhas vantaxes derivadas do feito de formar parte da Unión Europea.

B3.2. Comprender e interpreta os principais conceptos demográficos e calculalos a partires dos datos de poboación.

B3.3. Distinguir as principais características española e europea, explicando a súa evolución e a súa distribución demográfica e representándoa graficamente.

B3.4. Describir os movementos migratorios da poboación galega e de España explicando o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de emigrantes ao noso país e identificar os problemas actuais da poboación.

B3.5. Identificar as actividades que pertencen a cada un dos sectores económicos, describir as características destes recoñecendo as principais actividades económicas de España e Europa.

B3.6. Describir o funcionamento da publicidade e as súas técnicas distinguindo publicidade educativa e publicidade consumista.

B3.7. Tomar conciencia do valor do diñeiro e dos seus usos mediante un consumo responsable e o sentido do aforro.

B3.8. Comprender os beneficios que ofrece o espírito emprendedor.

B3.9. Explica as características esenciais dunha empresa, especificando as diferentes actividades e formas de organización que poden desenvolver distinguindo entre os diferentes tipos de empresas.

B4.1. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia.

B4.2.Utiliza as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade para ordenar temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos relevantes.

B4.3.Identificar, localizar no tempo e no espazo e comprender os procesos e acontecementos históricos, políticos, sociais e culturais, máis relevantes da historia de España para adquirir unha perspectiva global da súa evolución.

B4.4.Desenvolver a curiosidade por coñecer as formas da vida humana no pasado, valorando a importancia que teñen os restos para o coñecemento e estudo da historia e como patrimonio cultural que hai que coidar e legar.

B4.5.Valorar a importancia dos museos, sitios e monumentos históricos como espazos onde se ensina e aprende, amosando unha actitude de respecto á súa contorna e á súa cultura, apreciando a herdanza cultural.

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

Comunicación oral: falar e escoitar

-Participar en situacións de comunicación, espontáneas ou dirixidas, utilizando un discurso ordenado y coherente e estratexias e normas para o intercambio comunicativo.

Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais

Expresarse, comprender e producir textos orais de diferentes tipos, valorando o sentido estético e a creatividade.

-Valorar os contidos transmitidos polos diferentes textos e facer resumen oral dos mesmos

-Dramatizar textos literarios adaptados á idade, tanto de autores coñecidos como de produción propia.

-Memorizar e reproducir textos breves, con corrección e creatividade. Producir textos orais breves imitando distintos modelos.

-Utilizar de forma efectiva a linguaxe oral, para comunicarse e aprender, sendo capaz de ter unha escoita activa.

-Valorar os medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe e acceso a informacións e experiencias de outras persoas.

Comunicación escrita: ler.

-Ler en silencio e en voz alta coa entonación e fluidez adecuadas diferentes tipos de textos e comprender os mesmos, utilizando a lectura como medio para ampliar vocabulario e fixar unha ortografía correcta.

- Resumir textos lidos previamente, destacando as ideas principais das secundarias.
- Utilizar as TIC de modo eficiente e responsable para a búsqueda e tratamento de todo tipo de información.
- Ler por iniciativa propia diferentes tipos de textos e levar a cabo un plan lector cunha planificación sistemática para a mellora da eficacia lectora e que fomente o gusto pola lectura e o uso da biblioteca.

Comunicación escrita: escribir.

- Producir textos con diferentes intencións comunicativas con coherencia, respectando a súa estrutura e aplicando as regras ortográficas, coidando a caligrafía, o orden e a presentación e aplicando todas as fases do proceso: planificación, textualización, revisión
- Utilizar o diccionario como recurso para resolver dudas e utilizar as TIC para buscar información e presentar producións de maneira eficiente e responsable.
- Elaborar proxectos individuais e colectivos , e buscar unha mellora progresiva no uso da lingua. Levar a cabo un plan de escritura .
- Favorecer a través da linguaxe un pensamento crítico, e un desenvolvemento da sensibilidade, creatividade e estética.

Coñecemento da lingua.

- Coñecer as clases de palabras, características e usos de cada clase de palabras: nome, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, conxunción, pronome, artigo, determinante..
- Conxugar verbos regulares e irregulares
- Distinguir diptongos e hiatos.
- Coñecer e aplicar os conceptos de sinonimia, polisemia, homonimia. Arcaísmos, neoloxismos e estranxeirismos. Frases feitas. Formar palabras usando diferentes recursos derivativos.
- Utilizar correctamente as regras básicas de ortografía e signos de puntuación, tanto en textos copiados, resúmenes e textos de produción propia
- Analizar as oracións simples: suxeito, predicado e complementos
- Coñecer as variedades da lingua e valorar a realidade plurilingüe de España como mostra de riqueza do noso patrimonio histórico e cultural.

Educación literaria.

- Coñecer distintos tipos de textos tradicionais: contos, lendas tanto de España como de outros países

- Ler textos narrativos de tradición oral, de literatura infantil, de adaptacións de obras clásicas e de literatura actual, de poemas, relatos e obras teatrais, co ritmo e entonación adecuados en cada caso, e facer comentarios coherentes dos textos lidos
- Identificar recursos literarios e aplicar o coñecemento a obras de creación propia tando en prosa como en verso, valorando o sentido estético e a creatividade.
- Valorar os textos literarios como vehículo de comunicación e fonte de coñecemento de outros mundos, tempos e culturas e como disfrute persoal.

LINGUA GALEGA E LITERATURA

Comunicación oral: falar e escoitar.

- Comprender textos orais diversos, procedentes da radio, da televisión ou da internet, interpretando as intencións explícitas e non explícitas. Valorar e utilizar os documentos audiovisuais dos medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.
- Interpretar a retransca, a ironía e os dobres sentidos, entendendo a primeira como un trazo característico da lingua galega.
- Comprender e producir textos orais propios do uso cotián ou do ámbito académico. Participar nas diversas situacións de intercambio oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas e mantendo unha actitude de escoita activa, amosando interese por expresarse en público coherentemente.
- Amosar respecto e cooperación nas situacións de aprendizaxe en grupo. Usar unha linguaxe non discriminatoria
- Recoñecer e valorar as diferenzas dialectais orais da lingua galega, e identificar a lingua galega en calquera contexto oral.

Comunicación escrita: ler.

- Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos. Interpretar e comprender a información procedente de gráficos, esquemas e ilustracións. Realizar o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo, e esquematizar e resumir o seu contido. Utilizar as tecnoloxías da información para tratar a información nun texto.
- Utilizar estratexias para mellorar a lectura. Realizar diferentes tipos de lectura. Ler expresivamente textos de diversa tipoloxía con fluidez e precisión, entoación, ritmo e velocidade adecuados
- Usar as bibliotecas da aula e do centro, así como as virtuais, con autonomía abonda, comprendendo como se organiza e colaborando no seu coidado e mellora. Ter interese

por ter unha biblioteca propia, física ou virtual. Amosar autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese, así como ser quen de expresar preferencias.

Comunicación escrita: escribir.

-Producir textos de diferente tipoloxía, relacionados co ámbito académico e coa creatividade, que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións e informacións, usando estratexias de planificación, textualización e revisión e usando as TIC para a busca de información e tratamento dos textos.

-Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación.

Coñecemento da lingua.

-Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.

-Coñecer e aplicar as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, e as regras de puntuación e unha sintaxe adecuada nas producións orais e escritas, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.

-Recoñecer e empregar axeitadamente os conectores, así como outros elementos de cohesión.

-Identificar o papel semántico do suxeito e transformar oracións activas sinxelas en pasivas, e viceversa, para mellorar a comprensión e a produción de textos.

-Transformar un texto narrativo de estilo directo noutro de estilo indirecto e viceversa.

-Ampliar o vocabulario a partir do uso do dicionario e do traballo e reflexión sobre as palabras que conforman a lingua.

-Coñecer as características relevantes da lingua galega e identificar e valorar esta lingua dentro da realidade plurilingüe e pluricultural de España e de Europa e establecer relacións entre as diversas linguas que utiliza ou está a aprender o alumnado para reflexionar sobre como mellorar os seus procesos comunicativos na lingua galega.

Educación literaria.

-Escoitar, ler, memorizar, reproducir e valorar textos procedentes da literatura popular galega, da literatura galega en xeral e adaptacións de obras clásicas adaptadas á idade e en diferentes soportes, analizando as características dos diferentes xéneros e as figuras literarias.

-Recrear e compoñer poemas e relatos a partir de modelos dados. Participar activamente en dramatizacións de textos literarios diversos.

-Valorar a literatura en calquera lingua, especialmente aquela en lingua galega, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.

-Amosar interese, respecto e tolerancia ante as diferenzas persoais, sociais e culturais.

MATEMÁTICAS

Procesos, métodos e actitudes en Matemáticas.

-Expresar verbalmente de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema.

-Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas. Afondar en problemas resoltos, formulando pequenas variacións nos datos, outras preguntas, etc. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as Matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados para a resolución de problemas.

-Describir e analizar situacións de cambio, para encontrar patróns, regularidades e leis matemáticas, en contextos numéricos, xeométricos e funcionais, valorando a súa utilidade para facer predicións.

-Elaborar e presentar pequenos informes sobre o desenvolvemento, resultados e conclusións obtidas no proceso de investigación. Coñecer algunhas características do método de traballo científico en contextos de situacións problemáticas a resolver.

-Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao quefacer matemático. Superar bloqueos e inseguridades ante a resolución de situacións descoñecidas. Reflexionar sobre as decisións tomadas, aprendendo para situacións similares futuras.

-Utilizar os medios tecnolóxicos de modo habitual no proceso de aprendizaxe, buscando, analizando e seleccionando información relevante en Internet ou noutras fontes, elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións destes. Seleccionar e utilizar as ferramentas tecnolóxicas e estratexias para o cálculo, para coñecer os principios matemáticos e resolver problemas.

Números e álgebra.

-Ler, escribir e ordenar, utilizando razoamentos apropiados, distintos tipos de números. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá. Realizar operacións e cálculos numéricos sinxelos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, facendo referencia implícita ás propiedades das operacións, en situacións de resolución de problemas.

-Utilizar as propiedades das operacións, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se ha de realizar

-Utilizar os números enteiros, decimais, fraccionarios e as porcentaxes sinxelas para interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá.

-Operar cos números tendo en conta a xerarquía das operacións, aplicando as propiedades destas, as estratexias persoais e os diferentes procedementos que se utilizan segundo a natureza do cálculo que se ha de realizar, decidindo sobre o uso máis adecuado.

-Iniciarse no uso das porcentaxes e a proporcionalidade directa para interpretar e intercambiar información e resolver problemas en contextos da vida cotiá.

-Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.

-Identificar, resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as Matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.

-Coñecer a utilidade de potencias de base dez para expresar números grandes de forma abreviada.

-Calcular raíces cadradas exactas e enteiras.

-Sumar números enteiros do mesmo ou diferente signo.

Medidas.

-Coñecer, transformar, comparar, ordenar e utilizar as unidades de medida de lonxitude, superficie, volume, explicando oralmente e por escrito, o proceso seguido e resolver problemas, utilizando e transformando as unidades de medida de lonxitudes, superficies e volumes, elixindo a unidade máis adecuada, explicando o significado dos datos, a situación formulada, o proceso seguido e as solucións obtidas.

-Aplicar as equivalencias e realizar transformacións dunhas unidades de medida a outras. Transformar unidades complexas en incomplexas, e viceversa.

-Coñecer, transformar, comparar, ordenar e utilizar as unidades de medida do tempo, explicando oralmente e por escrito, o proceso seguido.

-Coñecer, transformar, comparar, ordenar e utilizar o sistema sesagesimal para medir ángulos, explicando oralmente e por escrito, o proceso seguido.

Xeometría.

- Clasificar os triángulos segundo os seus lados e ángulos.
- Identificar os catro paralelogramos: cadrado, rectángulo, rombo e romboide.
- Recoñecer, describir os elementos básicos, clasificar segundo diversos criterios e reproducir corpos xeométricos aplicando os coñecementos á comprensión e interpretación do contorno.
- Memorizar e utilizar as expresións matemáticas para calcular áreas e perímetros.
- Iniciarse no concepto de simetría en figuras regulares.
- Identificar e resolver problemas da vida diaria, conectando a realidade e os conceptos xeométricos, reflexionando sobre o procedemento aplicado para a súa resolución.
- Resolver problemas da vida cotiá nos que sexa necesario calcular as superficies e os perímetros de distintos corpos xeométricos.

Estatística e probabilidade.

- Recoller e rexistrar unha información cuantificable, utilizando algúns recursos sinxelos de representación gráfica: diagramas de sectores, histograma,... comunicando a información
- Realizar, ler e interpretar representacións gráficas dun conxunto de datos relativos ao ámbito inmediato. Observar, facer estimacións de probabilidades a partir dos datos recollidos en experiencias anteriores.
- Identificar, e resolver problemas da vida diaria, conectando a realidade e os conceptos estatísticos e de probabilidade, valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas

EDUCACIÓN PLÁSTICA

Criterios de avaliación

- B1.1. Formular opinións cun criterio estético, oralmente ou por escrito, que expresen o respecto e a riqueza das achegas que ofrecen as manifestacións artísticas (plásticas, visuais ou musicais), apreciando as texturas, as formas, as liñas, as medidas e as cores.
- B1.2. Aproximarse á lectura, a análise e a interpretación da arte e as imaxes fixas e en movemento nos seus contextos culturais e históricos, comprendendo de maneira crítica o significado e a función social, con capacidade para elaborar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos.
- B1.3. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de xeito responsable para a busca, creación e difusión de imaxes fixas e en movemento.

B2.1. Realizar producións plásticas seguindo pautas elementais do proceso creativo, experimentando, recoñecendo e diferenciando a expresividade dos diversos materiais e técnicas pictóricas e elixindo as máis axeitadas para a realización da obra prevista.

B2.2. Representar volumes utilizando recursos como cores, claroscuros, corte, dobra e encartado.

B2.3. Coñecer as manifestacións artísticas máis significativas que forman parte do patrimonio artístico e cultural, e adquirir unha actitude de respecto e valoración dese patrimonio.

B2.4. Utilizar as TIC para a busca e tratamento de imaxes, como ferramentas para deseñar documentos.

B2.5. Realizar producións plásticas, participando con interese e aplicación no traballo individual ou de forma cooperativa, respectando os materiais, os utensilios e os espazos, desenvolvendo a iniciativa e a creatividade, e apreciando a correcta e precisa realización dos exercicios e das actividades, a orde e a limpeza, o respecto polas normas, as regras e os/as compañeiros/as.

B3.1. Identificar conceptos xeométricos na realidade que rodea o alumnado, en relación cos conceptos xeométricos recollidos na área de matemáticas coa súa aplicación gráfica.

B3.2. Iniciarse no coñecemento e no manexo dos instrumentos e dos materiais propios do debuxo técnico, e empregalo adecuadamente.

VALORES CÍVICOS E SOCIAIS

-Valorar a respectabilidade e a dignidade persoal. Desenvolver a autonomía e a capacidade e emprendemento. Ter un bo sentido de compromiso cara un mesmo e os demais.

-Iniciar, manter e finalizar conversación cun xeito de falar adecuado.

Crear pensamentos compartidos a través do diálogo. Desenvolver aspectos de intelixencia interpersoal. Razoar acerca dos prexuízos sociais. Comprender a importancia dos dereitos de libre expresión e opinión, liberdade pensamento, de conciencia e de relixión.

- Potenciar a interdependencia positiva, resolver problemas de colaboración, mostrar condutas solidarias e de actitude aberta cara os demais. Transformar o conflito en oportunidade. Asumir os dereitos e deberes do alumnado. Coñecer e apreciar os valores

democráticos, o sentido da responsabilidade e xustiza social. Manter actitude crítica ante as faltas de respecto á conservación do medio.

6-ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Ciencias da natureza

CNB1.1.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, analízaa, obtén conclusións, elabora informes para o rexistro de plan de traballo e comunica, de forma oral e escrita, as conclusións.

CNB1.1.2. Expresa oralmente e por escrito, de forma clara e ordenada contidos relacionados coa área manifestando a comprensión de textos orais e/ou escritos.

CNB1.1.3. Emprega de forma autónoma o tratamento de textos (axuste de páxina, inserción de ilustracións ou notas etc). CNB1.1.4. Manexa estratexias axeitadas para acceder á información dos textos de carácter científico.

CNB1.2.1. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións, identificando os criterios e as consecuencias das decisións tomadas.

CNB1.3.1. Utiliza estratexias para estudar e traballar de forma eficaz, individualmente e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de conflitos.

CNB1.3.2. Coñece e emprega as normas de uso e de seguridade dos instrumentos, dos materiais de traballo e das tecnoloxías da información e comunicación.

CNB1.4.1. Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados.

CNB1.4.2. Presenta un informe, de forma oral ou escrita, empregando soportes variados, recollendo información de diferentes fontes (directas, libros, internet) cando traballa de forma individual ou en equipo na realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións.

CNB2.1.1. Identifica e localiza os principais órganos implicados na realización das funcións vitais do ser humano.

CNB2.2.1. Identifica e describe as principais características dos aparellos respiratorio, dixestivo, locomotor, circulatorio e excretor e explica as principais funcións.

CNB2.3.1. Recoñece estilos de vida saudables e os seus efectos sobre o coidado e mantemento do funcionamento global do corpo.

CNB2.3.2. Coñece e explica os principios das dietas equilibradas, identificando as prácticas saudables para previr e detectar os riscos para a saúde.

CNB2.3.3. Recoñece os efectos nocivos do consumo de alcohol e drogas.

CNB2.3.4. Observa, identifica e describe algúns avances da ciencia que melloran a saúde (medicina, produción e conservación de alimentos, potabilización da auga etc.).

CNB2.3.5. Coñece técnicas de primeiros auxilios, en situacións simuladas e reais.

CNB3.1.1. Identifica e describe a estrutura dos seres vivos: células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas nomeando as principais características e funcións de cada un deles.

CNB3.2.1. Identifica as características e clasifica os seres vivos: - Reino animal. - Reino das plantas. - Reino dos fungos. - Outros reinos.

CNB3.2.2. Utiliza guías na identificación científica de animais e plantas.

CNB3.2.3. Explica a importancia da fotosíntese para a vida na Terra.

CNB3.3.1. Investiga e explica as relacións entre os seres vivos. Cadeas alimentarias. Poboacións, comunidades e ecosistemas.

CNB3.3.2. Recoñece e explica algúns ecosistemas: pradería, charca, bosque, litoral e cidade e os seres vivos que nelas habitan

CNB3.3.3. Observa e identifica diferentes hábitats dos seres vivos facendo fincapé no coidado destes e nomea algunhas causas de extinción de especies.

CNB3.3.4. Usa a lupa e outros medios tecnolóxicos para a observación científica.

CNB3.3.5. Observa e rexistra algún proceso asociado á vida dos seres vivos, utilizando os instrumentos e os medios audiovisuais e tecnolóxicos apropiados, comunicando de xeito oral e escrito os resultados.

CNB4.1.1. Investiga a través da realización de experiencias sinxelas para achegarse ao coñecemento das leis básicas que rexen fenómenos como a reflexión da luz, a transmisión da corrente eléctrica e os cambios de estado.

CNB4.1.2. Investiga a través da realización de experiencias sinxelas para achegarse ao coñecemento das leis básicas que rexen reaccións químicas: combustión, oxidación e fermentación.

CNB4.2.1. Identifica e explica algunhas das principais características das diferentes formas de enerxía: mecánica, lumínica, sonora, eléctrica, térmica e química.

CNB4.2.2. Identifica e explica os beneficios e riscos relacionados coa utilización das enerxías renovables e non renovables: esgotamento, choiva ácida, radioactividade, expoñendo posibles actuacións para un desenvolvemento sostible.

CNB4.3.1. Planifica e realiza sinxelas experiencias e predí cambios no movemento, na forma ou no estado dos corpos por efecto das forzas ou das achegas de enerxía, comunicando o proceso seguido e o resultado obtido.

CNB4.3.2. Observa de xeito sistemático, aprecia e explica os efectos da calor no aumento de temperatura e dilatación dalgúns materiais.

CNB4 4.1 Identifica, experimenta e exemplifica argumentando algúns cambios de estado e a súa reversibilidade.

CNB4.4.2. Separa os compoñentes dunha mestura mediante destilación, filtración, evaporación ou disolución.

CNB4.4.3. Presenta conclusións de procesos de investigación, experiencias sinxelas ou proxectos sobre diferentes fenómenos físicos e químicos da materia, en diferentes soportes.

CNB4.4.4. Identifica e expón as principais características das reaccións químicas: combustión, oxidación e fermentación.

CNB4.4.5. Respecta as normas de uso, de seguridade e de mantemento dos instrumentos de observación e dos materiais de traballo.

CNB5.1.1. Identifica diferentes tipos de máquinas e clasifícaaas segundo o número de pezas, o xeito de accionalas e a acción que realizan.

CNB5.1.2. Observa, identifica e describe algúns dos compoñentes das máquinas.

CNB5.1.3. Observa e identifica algunha das aplicacións das máquinas e dos aparellos e a súa utilidade para facilitar as actividades humanas.

CNB5 2.1 Constrúe algunha estrutura sinxela que cumpra unha función ou condición para resolver un problema a partir de pezas moduladas (escaleira, ponte, tobogán etc.)

CNB5.3.1. Identifica os elementos dun circuío eléctrico, constrúe un e explica algúns efectos da electricidade.

CNB5.3.2. Observa e identifica as principais características dos imáns e relaciona electricidade e magnetismo.

CNB5.4.1. Coñece e explica algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade.

CNB5.4.2. Coñece e explica algúns dos avances da ciencia no fogar e na vida cotiá, na medicina, na cultura e no lecer, na arte, na música, no cine e no deporte e nas tecnoloxías da información e a comunicación.

Ciencias sociais

CSB1.1.1. Busca, selecciona e organiza información concreta e relevante, a analiza, obtén conclusións, reflexiona respecto ao proceso seguido e o comunica oralmente e/ou por escrito.

CSB1.2.1. Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación (internet, blogs, redes sociais...) para elaborar traballos coa terminoloxía adecuada aos temas tratados.

CSB1.2.2. Analiza informacións relacionadas coa área e manexa imaxes, táboas, gráficos, esquemas, resumos e as tecnoloxías da información e a comunicación.

CSB1.3.1. Emprega con rigor e precisión o vocabulario adquirido para elaborar traballos coa terminoloxía axeitada aos temas tratados.

CCB1.3.2. Expón oralmente de forma clara e ordenada, contidos relacionados coa área, que manifesten a comprensión de textos orais e /ou escritos.

CSB1.4.1. Realiza traballos e presentacións a nivel individual e grupal que supoñen a busca, selección e organización de textos de carácter xeográfico, social e histórico.

CSB1.5.1. Utiliza estratexias para realizar traballos de forma individual e en equipo, e amosa habilidades para a resolución pacífica de conflitos.

CSB1.5.2. Participa en actividades de grupo adoptando un comportamento responsable, construtivo e solidario e respecta os principios básicos do funcionamento democrático.

CSB1.6.1. Valora a importancia dunha convivencia pacífica e tolerante entre os diferentes grupos humanos sobre a base dos valores democráticos e os dereitos humanos universalmente compartidos.

CSB1.7.1. Participa dunha maneira eficaz e construtiva na vida da aula e do centro e crea e utiliza estratexias para resolver conflitos entre seus compañeiros

CSB1.7.2. Identifica e utiliza os códigos de conduta e os usos xeralmente aceptados nas distintas sociedades e contornos (escola, familia, barrio etc.)

CSB1.8.1. Valora a cooperación e o diálogo como forma de evitar e resolver conflitos e fomenta os valores democráticos.

CSB1.9.1. Amosa actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese, creatividade na aprendizaxe e espírito emprendedor que o fan activo ante as circunstancias que lle rodean.

CSB1.9.2. Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.

CSB1.10.1. Desenvolve actitudes de cooperación e de traballo en equipo, valora as ideas alleas e reacciona con intuición, apertura e flexibilidade ante elas.

CSB1.10.2. Planifica traballos en grupo, coordina equipos, toma decisións e acepta responsabilidades.

CSB2.1.1. Identifica e clasifica os diferentes tipos de mapas, incluíndo os planisferios, define que é a escala nun mapa e emprega e interpreta os signos convencionais máis usuais que poden aparecer nel.

CSB2.2.1. Define clima, nomea os seus elementos e identifica os factores que o determinan

CSB2.3.1. Define paisaxe, identifica os seus elementos e explica as características dos principais paisaxes de España e de Europa valorando a súa diversidade.

CSB2.4.1. Localiza nun mapa o relevo de Europa, as súas vertentes hidrográficas e o seu clima.

CSB2.4.2. Recoñece as principais características do relevo, os ríos e o clima de Europa.

CSB2.5.1. Explica o uso sostible dos recursos naturais propoñendo e adoitando unha serie de medidas e actuacións que conducen á mellora das condicións ambientais do noso planeta.

CSB2.6.1 Explicar as causas e consecuencias do cambio climático e as actuacións responsables para frealo.

CSB3.1.1. Explica que é a Unión Europea e cales son os seus obxectivos políticos e económicos e localiza nun mapa os países membros e as súas capitais.

CSB3.1.2. Identifica as principais institucións e os seus órganos de goberno na Unión Europea, recoñecendo os seus símbolos e explicando en que consiste o mercado único e a zona euro.

CSB3.2.1. Define poboación dun territorio e identifica os principais factores que inciden nesta e defíneos correctamente.

CSB3.2.2 Interpretar unha pirámide de poboación e outros gráficos usados no estudo da poboación.

CSB3.3.1. Describe as principais características da poboación española e europea.

CSB3.3.2. Explica o proceso da evolución da poboación en España e Europa e describe a incidencia que tiveron nesta, factores como a esperanza de vida ou a natalidade.

CSB3.3.3. Describe os factores que condicionan a distribución da poboación española e europea.

CSB3.3.4. Describe a densidade de poboación de España comparándoa mediante gráficos coa media da Unión Europea.

CSB3.4.1. Explica o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de emigrantes ao noso país.

CSB3.4.2. Identifica e describe os principais problemas actuais da poboación: superpoboación, envellecemento, inmigración etc.

CSB3.5.1. Identifica os tres sectores de actividades económicas e clasifica distintas actividades no grupo ao que pertencen.

CSB3.5.2. Explica as actividades relevantes dos sectores primario, secundario e terciario en España e Europa e as súas localizacións nos territorios correspondentes

CSB3 6.1. Valora con espírito crítico a función da publicidade e reconece e explica as técnicas publicitarias máis habituais, analizando exemplos concretos.

CSB3 7.1. Diferencia entre distintos tipos de gasto e adapta o seu presuposto a cada un deles

CSB3 7.2. Planifica os seus aforros para gastos futuros elaborando un pequeno presuposto persoal.

CSB3.7.3. Investiga sobre diferentes estratexias de compra, comparando prezos e recompilando información.

CSB3 8.1. Desenvolve a creatividade e valora a capacidade emprendedora dos membros dunha sociedade.

CSB3.9.1. Identifica diferentes tipos de empresa segundo o seu tamaño e o sector económico ao que pertencen ás actividades que desenvolven.

CSB3.9.2. Describe diversas formas de organización empresarial.

CSB3.9.3. Define termos sinxelos relacionados co mundo da empresa e a economía, ilustrando as definicións con exemplos.

CSB4.1.1. Define o concepto de prehistoria, identifica a idea de idade da historia e data as idades da historia, asociadas aos feitos que marcan os inicios e finais nomeando algunhas fontes da historia representativas de cada unha delas.

CSB4.2.1. Usa diferentes técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado, percibindo a duración, a simultaneidade e as relacións entre os acontecementos.

CSB4.3.1. Sitúa nunha liña do tempo as etapas históricas máis importantes das distintas idades da historia en España.

CSB4.3.2. Identifica e localiza no tempo e no espazo os feitos fundamentais da historia de España describindo as principais características de cada unha delas.

CSB4.3.3. Explica aspectos relacionados coa forma de vida e organización social de España das distintas épocas históricas estudadas.

CSB4.3.4.Describe en orde cronolóxica os principais movementos artísticos e culturais das distintas etapas da historia de España citando os seus representantes máis significativos.

CSB4.3.5.Explica os principais acontecementos que se produciron durante o s. XIX e XX e que determinan a nosa historia contemporánea.

CSB4.3.6.Describe as características da sociedade española actual, e valora o seu carácter democrático e plural, así como a pertenza á Unión Europea.

CSB4.4.1.Identifica, valora e respecta o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico e asume as responsabilidades que supón a súa conservación e mellora.

CSB4.4.2.Respecta os restos históricos e os valora como un patrimonio que debemos legar e recoñece o valor que o patrimonio arqueolóxico monumental nos achega para o coñecemento do pasado.

CSB4.5.1.Respecta e asume o comportamento que debe cumprirse cando visita un museo ou un edificio antigo.

CSB4.5.2.Aprecia a herdanza cultural a escala local, nacional e europea como a riqueza compartida que hai que coñecer, preservar e coidar.

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

Comunicación oral: Falar e escoitar

-Participa en situacións de comunicación, espontáneas ou dirixidas, utilizando un discurso ordenado y coherente e estratexias e normas para o intercambio comunicativo.

Comprende e exprea mensaxes verbais e non verbais

-Expresa, comprende e produce textos orais de diferentes tipos, valorando o sentido estético e a creatividade. Transmite as ideas con claridade, coherencia e corrección.

Emplea recursos tanto lingüísticos como non lingüísticos, e exprésase cunha pronunciación e dición correctas, e utiliza o vocabulario axeitado á súa idade

-Valora os contidos transmitidos polos diferentes textos e facer resumen oral dos mesmos

-Dramatiza textos literarios adaptados á idade, tanto de autores coñecidos como de produción propia.

-Memoriza e reproduce textos breves, con corrección e creatividade. Produce textos orais breves imitando distintos modelos. Recordar e resume oralmente textos escoitados previamente.

-Utiliza de forma efectiva a linguaxe oral, para comunicarse e aprender, sendo capaz de ter unha escoita activa, espera de turnos e participación respectuosa.

-Valora os medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe e acceso a informacións e experiencias de outras persoas.

Comunicación escrita: ler.

-Le en silencio e en voz alta coa entonación e fluidez adecuadas diferentes tipos de textos e comprende os mesmos, utilizando a lectura como medio para ampliar vocabulario e fixar unha ortografía correcta.

-Resume textos lidos previamente, destacando as ideas principais das secundarias. Fai esquemas de textos expositivos.

-Comprende a información contida en mapas, esquemas, gráficos, planos..

-Utiliza as TIC de modo eficiente e responsable para a búsqueda e tratamento de todo tipo de información.

-Le por iniciativa propia diferentes tipos de textos e leva a cabo un plan lector cunha planificación sistemática para a mellora da eficacia lectora. Aмосa gusto pola lectura e usa a biblioteca con regularidade.

-Selecciona lecturas con criterio persoal e expresa o gusto pola lectura de diferentes xéneros literarios como fonte de entretemento e manifestando a súa opinión sobre os textos lidos.

Comunicación escrita: escribir.

-Produce textos en diferentes soportes, usando o rexistro adecuado e organizando as ideas con claridade .

-Produce textos con diferentes intencións comunicativas con coherencia, respectando a súa estrutura e aplicando as regras ortográficas, coidando a caligrafía, o orden e a presentación e aplicando todas as fases do proceso: planificación, textualización, revisión

-Utiliza o dicionario como recurso para resolver dudas e utiliza as TIC para buscar información e presentar producións de maneira eficiente e responsable.

-Elabora proxectos individuais e participa na creación e planificación de proxectos colectivos , buscando unha mellora progresiva no uso da lingua. Ten un plan de escritura .

-Aмосa a través da linguaxe un pensamento crítico, e un desenvolvemento da sensibilidade, creatividade e estética.

-Pon interese e esfórzase por escribir cada vez con maior corrección, valorando a súa produción escrita e a dos seus compañeiros.

Coñecemento da lingua.

-Coñece as clases de palabras, características e usos de cada clase de palabras: nome, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, conxunción, pronome, artigo, determinante..

-Conxuga verbos regulares e irregulares, e diferencia e usa correctamente tempos simples e compostos

-Distingue diptongos e hiatos.

-Coñece e aplica os conceptos de sinonimia, polisemia, homonimia. Arcaísmos, neoloxismos e estranxeirismos. Frases feitas. Forma palabras usando diferentes recursos derivativos.

-Señala as características que definen as diferentes clases de palabras: clasificación e uso para construír o discurso nos diferentes tipos de producións.

-Identifica e clasifica as distintas palabras dun texto

-Utiliza correctamente as regras básicas de ortografía e signos de puntuación, tanto en textos copiados, resúmenes e textos de produción propia.

-Analiza as oracións simples: suxeito, predicado e complementos

-Coñece as variedades da lingua e valora a realidade plurilingüe de España e do español de América como mostra de riqueza do noso patrimonio histórico e cultural.

Educación literaria.

-Coñece distintos tipos de textos tradicionais: contos, lendas tanto de España como de outros países

-Le textos narrativos de tradición oral, de literatura infantil, de adaptacións de obras clásicas e de literatura actual, de poemas, relatos e obras teatrais, co ritmo e entonación adecuados en cada caso, e facer comentarios coherentes dos textos lidos

-Identifica recursos literarios e aplica o coñecemento a obras de creación propia tanto en prosa como en verso, valorando o sentido estético e a creatividade.

-Valora os textos literarios como vehículo de comunicación e fonte de coñecemento de outros mundos, tempos e culturas e como disfrute persoal.

LINGUA GALEGA E LITERATURA

Comunicación oral: falar e escoitar.

-Comprende as ideas principais e secundarias, o significado literal e inferencial dun texto oral, identificando o tema e elabora resumo do mesmo.

-Usa documentos audiovisuais como medio para obter, identificar, clasificar, comparar e relacionar informacións, identificando a información relevante, e valora os medios de comunicación como instrumento de aprendizaxe.

-Interpreta en producións orais a retranscrición, a ironía e os dobres sentidos. Recoñece a retranscrición como un trazo característico da lingua galega.

-Participa axeitadamente nunha conversa, fai exposicións e atende ás dos demais respectando os turnos e as opinións. Participa activamente no traballo en grupo así como nos debates, sendo consciente da importancia de empregar a lingua galega en calquera contexto. Elabora un discurso oral cohesivo, co rexistro lingüístico adecuado a cada contexto.

-Amosa respecto ás ideas dos demais e contribúe ao traballo en grupo. Usa unha linguaxe respectuosa e non sexista.

-Recoñece textos orais sinxelos pertencentes a diferentes variedades da lingua galega. Valora as diferenzas dialectais orais da lingua galega

-Identifica a lingua galega con calquera contexto profesional oral. Recoñece a validez da lingua galega para conversas con persoas coñecidas ou descoñecidas.

Comunicación escrita: ler.

-Comprende a información relevante de textos procedentes dos medios de comunicación social ou propios de situacións cotiás. Identifica as ideas principais e secundarias, busca e selecciona información.

-Interpreta e comprende a información de gráficos, esquemas, mapas conceptuais e ilustracións, relacionando esta co contido do texto que a acompaña. Realiza o subliñado das ideas principais dun texto, esquematiza as ideas e realiza o resumo.

-Utiliza as tecnoloxías da información para localizar e seleccionar e organizar a información nun texto, e dicionarios dixitais para interpretala.

-Realiza diferentes tipos de lectura, decodificando con precisión e rapidez, lendo con fluidez, ritmo, velocidade e ton da voz adecuados.

-Usa a biblioteca da aula, do centro e as virtuais para obter información con autonomía e participa no seu coidado, e amosa interese pola conservación de libros e pola lectura en lingua galega como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.

Comunicación escrita: escribir.

-Planifica e elabora un texto cunha estrutura clara, con coherencia e aplicando correctamente as regras de puntuación e normas ortográficas da lingua galega, así como o léxico e morfosintaxe adecuada e unha linguaxe non sexista.

-Elabora diferentes tipos de textos, do ámbito cotiá e académico, imitando diferentes modelos, textos de carácter creativo, expresando de maneira imaxinativa ideas, sentimentos ou emocións en diferentes soportes.

-Coida a presentación dos traballos e valora a lingua escrita como medio de comunicación.

Coñecemento da lingua.

-Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo, preposición, conxunción e interxección.

-Conxuga e usa con corrección as formas verbais persoais e non persoais dos verbos.

-Diferencia as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas. Aplica correctamente as normas de acentuación xerais e de acentuación diacrítica, así como as demais normas ortográficas e os signos de puntuación. e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.

-Identifica e clasifica as oracións simples, recoñecendo o verbo e os seus complementos: o suxeito; utiliza correctamente a concordancia de xénero e número e recoñece os complementos do nome. Usa unha sintaxe adecuada nas súas producións.

-Identifica oracións. Separa suxeito de predicado. Clasifica diferentes tipos de enunciados.

-Coñece a norma de colocación do pronome átono. Usa axeitadamente conectores.

-Recoñece e crea palabras derivadas e compostas, sinónimos, antónimos, arcaísmos, neoloxismos, frases feitas...

-Identifica as características relevantes da lingua galega, recoñece as interferencias entre as linguas, identifica diferenzas, semellanzas entre as linguas que está a aprender.

Educación literaria.

-Escoita, memoriza e reproduce textos da literatura galega en xeral e da popular oral en particular, e valora os textos literarios como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal.

-Le en silencio e en voz alta obras e textos en galego, da literatura galega e adaptacións de obras clásicas adaptadas á idade e en diferentes soportes. Recoñece as características fundamentais dos diferentes xéneros literarios. Recoñece algúns recursos retóricos e métricos e figuras literarias.

-Recrea e compón poemas e relatos a partir de modelos dados e participa activamente en dramatizacións de textos diversos.

-Valora a literatura en calquera lingua, como vehículo de comunicación, fonte de coñecemento e como recurso de gozo persoal.

MATEMÁTICAS

Procesos, métodos e actitudes en Matemáticas.

-Comunica verbalmente de forma razoada o proceso seguido na resolución dun problema de Matemáticas ou en contextos da realidade. Analiza e comprende o enunciado dos problemas. Utiliza estratexias heurísticas e procesos de razoamento e reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas, realiza estimacións e elabora conxecturas sobre os resultados.

-Afonda en problemas unha vez resoltos, analizando a coherencia da solución e buscando outras formas de resolvelos. Considera novos problemas, a partir dun resolto: variando os datos, proponendo novas preguntas, conectándoo coa realidade, buscando outros contextos, etc.

-.Elabora informes sobre o proceso de investigación realizado, expoñendo as fases deste, valorando os resultados e as conclusións obtidas. Practica o método científico, sendo ordenado, organizado e sistemático. Planifica o proceso de traballo con preguntas adecuadas. Realiza estimacións sobre os resultados esperados e contrasta a súa validez. Elabora conxecturas e busca argumentos que as validen ou as refuten

-Desenvolve e mostra actitudes adecuadas para o traballo en Matemáticas. Considera a resolución de retos e problemas coa precisión, esmero e interese adecuados ao seu nivel educativo e á dificultade da situación.

-Reflexiona sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolvidos, valorando as ideas claves, aprendendo para situacións futuras similares, etc. Toma decisións nos procesos de resolución de problemas valorando as consecuencias destas e a súa conveniencia pola súa sinxeleza e utilidade.

Números e álgebra.

-Le, escribe e aplica correctamente o sistema de numeración decimal. Descompón, compón e redondea números naturais e decimais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.

-Ordena números naturais, enteiros, decimais e fraccións básicas por comparación, representación na recta numérica e transformación duns noutros.

-Utiliza a táboa de multiplicar para calcular múltiplos e divisores. Calcula os primeiros múltiplos dun número e divisores de números menores de 100. Coñece e aplica os criterios de divisibilidade por 2, 3, 5, 9 e 10.

-Reduce dous ou máis fraccións a común denominador e calcula fraccións equivalentes. Ordena fraccións aplicando a relación entre fracción e número decimal.

-Realiza operacións con números naturais e decimais: suma, resta, multiplicación e división. Operar cos números coñecendo a xerarquía das operacións e o uso dos paréntesis.

-Calcula potencias de base 10.

-Realiza sumas e restas de fraccións con distinto denominador e calcula o produto dunha fracción por un número.

-Calcula porcentaxes dunha cantidade aplicando o operador decimal ou fraccionario correspondente, establecendo a correspondencia entre fraccións e porcentaxes. Usa a regra de tres en situacións de proporcionalidade directa. E resolve problemas da vida cotiá utilizando porcentaxes e regra de tres en situacións de proporcionalidade directa

-Calcula tantos por cento en situacións reais.

-Resolve problemas combinados cuxa resolución requira realizar varias operacións que impliquen dominio dos contidos traballados

-Usa a calculadora aplicando as regras do seu funcionamento, investigado e resolvendo problemas.

Medidas.

-Identifica unidades de lonxitude, superficie e volume, expresándoas e transformándoas en complexas e incomplexas. Aplica o coñecemento á resolución de problemas.

-Realiza transformacións entre as medidas de capacidade e volume e coñece as equivalencias. Realiza estimacións de medidas. Aplica á resolución de problemas. Identifica situacións reais de medida de lonxitude, superficie, volume.

-Resolve problemas de medidas, utilizando as estratexias adecuadas e explica oral e por escrito tanto as estratexias como os procedementos realizados.

-Fai operacións coas unidades de tempo, transforma e expresa en complexo e incomplexo e resolve problemas da vida cotiá nas que haxa que usar o sistema sesaxesimal de medidas, tanto no referente a tempo como a medida de ángulos.

Xeometría.

-Observa, manipula, recoñece, describe e debuxa triángulos e paralelogramos

-Clasifica os triángulos e paralelogramos. Calcula áreas e perímetros de triángulos polígonos regulares.

-Coñece a definición e elementos da circunferencia e círculo. Calcula a lonxitude da circunferencia e a área do círculo. Aplica o aprendido á resolución de problemas.

-Coñece as condicións que fan que un poliedro sexa regular e nomea os poliedros

-Resolve problemas xeométricos, utilizando as estratexias axeitadas, reflexiona sobre o proceso, revisando as operacións e comprobando as solucións e proponendo outras formas de resolvelos. Utiliza a terminoloxía correcta

Estatística e probabilidade.

-Identifica e recolle datos cualitativos e cuantitativos en situacións cercanas e constrúe táboas de frecuencias absolutas.

-Aplica a situacións familiares medidas estadísticas de media, mediana e moda e analiza información e realiza gráficos estadísticos sinxelos.

-Iníciase de forma intuitiva no cálculo da probabilidade dun suceso aleatorio. Realiza conxeturas e estimacións sobre xogos.

-Resolve problemas que impliquen dominio de contidos estadísticos e de probabilidade, reflexionando sobre o proceso de resolución.

EDUCACIÓN PLÁSTICA E VISUAL

Estándares de aprendizaxe avaliáveis

EPB1.1.1. Observa e explica aspectos, calidades e características das obras artísticas seguindo un protocolo.

EPB1.1.2. Utiliza a observación e a percepción visual para interpretar imaxes.

EPB1.1.3. Reflexiona sobre o proceso de elaboración dunha composición plástica.

EPB1.1.4. Recoñece materiais e recursos plásticos nas imaxes e nas composicións plásticas.

EPB1.1.5. Aprecia as diferenzas entre as formas xeométricas do seu contexto próximo.

EPB1.1.6. Analiza as posibilidades de texturas, formas, cores e materiais aplicados sobre soportes distintos.

EPB1.2.1. Analiza de maneira sinxela e utilizando a terminoloxía axeitada imaxes fixas atendendo ao tamaño, ao formato e aos elementos básicos (puntos, rectas, planos, cores, luz e función).

EPB1.2.2 Coñece a evolución da fotografía desde o branco e negro á cor, do formato de papel ao dixital, e valora as posibilidades que trae consigo a fotografía.

EPB1.2.3. Recoñece os temas da fotografía.

EPB1.2.4. Realiza fotografías utilizando medios tecnolóxicos, analizando a posteriori a adecuación do encadramento ao propósito inicial.

EPB1.2.5. Recoñece o cine de animación como un xénero do cine e comenta o proceso empregado para a creación, a montaxe e a difusión dunha película de animación, realizado tanto coa técnica tradicional como coa técnica actual.

EPB1.2.6. Secuencia unha historia en viñetas nas que incorpora imaxes e textos, seguindo o patrón do cómic.

EPB1.2.7. Realiza sinxelas obras de animación para familiarizarse cos conceptos elementais da creación audiovisual: guión, realización, montaxe, son.

EPB1.3.1. Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar, modificar tamaño, cor, brillo, contraste, ...) que lle serven para a ilustración de textos.

EPB1.3.2. Coñece os protocolos de actuacións para a difusión de imaxes propias ou alleas, e respecta a propiedade intelectual de cada persoa.

EPB2.1.1. Utiliza as técnicas de debuxo e/ou pictóricas máis axeitadas para as súas creacións, manexando os materiais e instrumentos de forma adecuada, coidando o material e o espazo de uso.

EPB2.1.2. Fai composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, alegría, tristura etc.) coa axuda de diversos recursos para cada caso (claroscuro, puntos, liñas, cores etc.).

EPB2.1.3. Debuxa obxectos cotiáns, ideas, accións e situacións.

EPB2.1.4. Experimenta con materiais e texturas gráficas con creatividade e soltura.

EPB2.1.5. Valora os elementos e os recursos empregados para alcanzar o efecto que máis se axuste ás propias necesidades.

EPB2.1.6. Distingue e explica as características da cor en canto a súa luminosidade, tono e saturación, aplicándoas cun propósito concreto nas súas producións.

EPB2.1.7. Obtén diversas texturas a partir da aplicación da cor.

EPB2.1.8. Executa composicións pareadas nas que aparecen as cores complementarias respectivas.

EPB2.1.9. Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, tamaños e cores axeitadas (paisaxe, bodegón etc.).

EPB2.1.10. Explica coa terminoloxía aprendida o propósito dos seus traballos e as características dos mesmos.

EPB2.2.1. Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas.

EPB2.2.2. Experimenta coa superposición de planos para crear volumes.

EPB2.2.3. Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade.

EPB2.2.4. Fai obxectos tridimensionais utilizando o recorte, o encartado e o pegado de pezas de diversas formas, utilizando diversos tipos de materiais.

EPB2.3.1. Recoñece, respecta e valora as manifestacións artísticas máis importantes do patrimonio cultural e artístico español, nomeadamente aquelas que foron declaradas Patrimonio da Humanidade.

EPB2.3.2. Aprecia as posibilidades que ofrecen os museos de coñecer obras de arte expostas neles e goza con elas.

EPB2.3.3. Coñece algunha profesión do ámbito artístico, interésase polas características do traballo de artistas e artesáns ou artesás, e goza como público coa observación das súas producións.

EPB2.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de información e documentación para a creación de producións propias.

EPB2.4.2. Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar; modificar tamaño, cor, brillo, contraste etc.) que serven para a ilustración de textos.

EPB2.4.3. Elabora e prepara documentos propios da comunicación artística (carteis, guías ou programas).

EPB2.5.1. Produce obras plásticas, logo de escoller as técnicas e os instrumentos máis axeitados para conseguir unha finalidade determinada.

EPB2.5.2. Respecta os materiais, os utensilios e os espazos.

EPB2.5.3. Amona interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo, respectando as iniciativas de cada compañeiro ou compañeira.

EPB 2.5.4. Participa con interese nas actividades propostas, apreciando a realización correcta, precisa, ordenada e limpa dos exercicios e das actividades.

EPB3.1.1. Identifica os conceptos de horizontalidade e verticalidade, e utilízalos nas súas composicións con fins expresivos.

- EPB3.1.2. Traza rectas paralelas e perpendiculares, usando o escuadro e o cartabón.
- EPB3.1.2. Traza rectas paralelas e perpendiculares, usando o escuadro e o cartabón.
- EPB3.1.3. Utiliza a regra considerando o milímetro como unidade de medida habitual aplicada ao debuxo técnico.
- EPB3.1.4. Suma e resta segmentos utilizando a regra e o compás.
- EPB3.1.5. Calcula graficamente a mediatriz dun segmento utilizando a regra e o compás.
- EPB3.1.6. Traza círculos co compás coñecendo o raio.
- EPB3.1.7. Divide a circunferencia en dúas, tres, catro e seis partes iguais, utilizando o material propio do debuxo técnico.
- EPB3.1.8. Aplica a división da circunferencia á construción de estrelas e elementos florais aos que posteriormente lles dá cor.
- EPB3.1.9. Continúa series con motivos xeométricos (rectas e curvas) utilizando unha cuadrícula propia facilitada cos instrumentos propios do debuxo técnico.
- EPB3.1.10. Suma e resta ángulos de 90, 60, 45 e 30 graos utilizando o escuadro e o cartabón.
- EPB3.1.11. Analiza a realidade descompóndoa en formas xeométricas básicas e trasladándoa a composicións bidimensionais.
- EPB3.1.12. Identifica nunha obra bidimensional formas xeométricas simples.
- EPB3.1.13. Realiza composicións utilizando formas xeométricas suxeridas polo ou pola docente.
- EPB3.1.14. Coñece e comprende o termo de escala e é capaz de aplicalo cambiando a escala dun debuxo sinxelo mediante o uso de cuadrícula.
- EPB3.1.15. Recoñece, clasifica e constrúe os polígonos elementais, apreciando as súas diferenzas e similitudes.
- EPB3.2.1. Coñece e aprecia o resultado da utilización correcta dos instrumentos de debuxo, e valora a precisión dos resultados.

VALORES CÍVICOS E SOCIAIS

- Razona e expresa por escrito o valor da respectabilidade e a dignidade persoal. Coñece e asume os trazos característicos da propia personalidade. Realiza un adecuado recoñecemento e identificación das súas emocións. É capaz de expresar sentimentos e aplica o autocontrol á toma de decisións e resolución de conflitos.
- Actúa estimando as consecuencias das propias accións e desenvolvendo actitudes de

respecto e solidariedade cara aos demais en situacións formais e informais de interacción social.

-Coñece e emprega adecuadamente os sistemas de comunicación non verbal e verbal, coidando as expresións, utilizando correctamente as estratexias de escoita activa.

-Comprende, interpreta e acepta opinións diferentes ás propias durante as achegas de ideas, debates e traballos en equipo.

-Valora a importancia do coidado do corpo e a saúde, e a prevención de accidentes en todos os ámbitos.

-Establece relacións de confianza cos demais. Resolve problemas en colaboración amosando boa disposición para dar e recibir axuda.

-Resolve conflitos de modo construtivo

-Coñece os seus dereitos de deberes e actúa en coherencia con eles. Actúa de forma coherente con valores persoais como a dignidade, a liberdade, a autoestima, a seguridade nun mesmo e a capacidade de enfrontares aos problemas.

-Compórtase de acordo coa postura de defensa e recuperación do equilibrio ecolóxico e de conservación do medio.

7-METODOLOXÍA DIDÁCTICA

A metodoloxía a empregar en 6º de Primaria atenderá a cinco puntos básicos que parecen fundamentais e coherentes co tipo de formación que desexamos para os nosos alumnos e alumnas.

1.- Seleccionar aqueles contidos que sexan máis relevantes para acadar competencias. Achegarémolos aos alumnos a través da observación, experimentación, manipulación, etc. para facilitar a adquisición de aprendizaxes significativas.

2.- Proporcionar estratexias de aprendizaxe que faciliten habilidades para valorar os procesos que se están a empregar e para regulalos ou modificalos.

3.- Facilitar un currículo estruturado ao redor de cuestións de interese para o alumnado. O profesorado actuará como guía do proceso de construción de aprendizaxes

4.- Promover a participación do alumnado para que aporte as súas habilidades, destrezas e intereses ao traballo cooperativo.

5.- Fomentar habilidades que permitan ao alumnado utilizar de forma autónoma as bibliotecas e as TIC como recursos de aprendizaxe.

8-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Libros e cadernos de cada materia

Recursos Abalar.

Recursos na rede.

Material audiovisual.

Material de Laboratorio.

Biblioteca de aula.

Biblioteca do Centro.

Mapas.

Calculadora.

Termómetros.

Rexistros de temperaturas por riba e por debaixo de cero.

Papel milimetrado para representacións gráficas.

Crebacabezas e xogos de construción.

Dominós para asociar operacións con fraccións e resultados.

Semicírculos graduados ou transportadores de ángulos.

Instrumentos de medida (regra, metro, cinta métrica, escuadra, cartabón, etc.).

Material específico de Plástica

9-PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Procedementos de avaliación

-Análise de tarefas

-Comprobación de traballos escritos

-Observación sistemática

Na avaliación diferenciaranse tres momentos:

-Avaliación inicial, para establecer o punto de partida do alumnado. Levarase a cabo ao inicio de cada curso.

-Avaliación formativa, ao longo de todo o proceso de ensino-aprendizaxe. A devandita avaliación permitiranos regular todo o proceso, xestionar erros e consolidar éxitos.

-Avaliación final, para determinar ata que punto se acadaron os obxectivos propostos e facer propostas de mellora para vindeiros cursos.

Instrumentos de avaliación

- Probas de control
- Resolución de exercicios
- Caderno de clase
- Esforzo e actitude positiva cara á materia.
- Colaboración cos compañeiros e co profesor

En particular en ciencias naturais e sociais

-Observación directa do alumnado: comportamento na aula, esforzo á hora de realizar as tarefas, mostras de actitude e dedicación de cara ao traballo, etc...

-Documentos gráficos ou textuais, debates e intervencións, proxectos persoais ou de grupo, exposicións ou elaboracións multimedia.

En plástica e Valores Cívicos primará o traballo persoal e en grupo do alumnado, o seu esforzo nas tarefas e a súa implicación e posta en práctica dos conceptos traballados.

10-CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

CIENCIAS NATURAIS E SOCIAIS

Para a cualificación, teremos en conta os estándares de aprendizaxe que marca o currículo, Decreto 105/2014, xa que é o que nos permite determinar se o alumnado acadou ou non os criterios de avaliación. Desta maneira, a nota final do trimestre vira determinada polos estándares de aprendizaxe dos bloques de contidos traballados durante dito trimestre. Estes estándares terán un peso determinado cada un deles dentro do trimestre, segundo a importancia que ten dentro de cada unidade.

Para facer a avaliación destes estándares empregaremos tanto unha observación directa sobre o alumnado, observando o esforzo a hora de realizar as tarefas, a actitude e dedicación de cara ao traballo, etc..., tamén teremos en conta para avaliar estes estándares, o traballo diario, deberes e outros exercicios de obrigada execución, así como probas puntuais escritas.

Con todos estes datos, valoraremos, nunha escala de valoración, a puntuación que ten en cada un dos estándares cada alumno/a. Comentar que non todos os estándares serán avaliados por todos os mecanismos citados, xa que algúns serán valorados por medio da observación directa ou mediante a realización de traballos, mentres que outros, serán valorados por exemplo nas probas escritas.

LIGUA CASTELÁ E LINGUA GALEGA, MATEMÁTICAS

Ao final de cada tema farase unha avaliación, na mesma terase en conta o traballo diario do alumnado na aula: cadernos de traballo, libretas de actividades, intervencións orais e no encerado, así como actividades multimedia, así mesmo farase de cada tema unha avaliación dos estándares traballados, avaliación que pode ser con unha proba oral ou escrita.

A porcentaxe a ter en conta para a valoración do traballo será a seguinte:

- Traballo diario, individual e en grupo: actividades nos cadernos, multimedia, traballos de investigación, etc 40%
- Avaliación oral ou escrita de cada tema 60%

EDUCACIÓN PLÁSTICA

Criterios de cualificación

A cualificación final de cada trimestre será o resultado da suma das porcentaxes asignadas a cada un dos EEAA avaliados en cada un dos tres trimestres, sendo requisito indispensable para a superación da materia que cada alumna/o acade o grao mínimo de consecución dos mesmos, especificados no punto 11 desta programación.

A **nota** figura no XADE como un número enteiro; se a puntuación é decimal, tenderá a superior a partir de 0.5, e correspondendo coa nomenclatura: insuficiente (1-4), suficiente (5), ben (6), notable (7-8) e sobresaliente (9-10). Para a **nota final** terase en conta a da terceira avaliación. A avaliación continua permitirá, ante posibles dificultades, o deseño de actividades de reforzo ou recuperación.

Finalmente, a nota numérica resultante fará media coa nota de Música, figurando no XADE como cualificación global da Área de Educación Artística.

VALORES CÍVICOS E SOCIAIS

Nesta área o **50%** da nota virá dado polo interese, actitude e participación do alumnado, e o outro **50%** para as tarefas e traballos realizados así como o coñecemento levado á práctica en situacións reais ou simuladas.

11-MÍNIMO DOS ESTÁNDARES PARA A AVALIACIÓN POSITIVA

CIENCIAS DA NATUREZA E CIENCIAS SOCIAIS

O grao mínimo de consecución dos estándares avaliábeis de aprendizaxe para superar a materia de Ciencias da Natureza establecerase en función das posibilidades, capacidades e coñecementos previos do alumnado, cun carácter individualizado e personalizado, onde primará a atención á diversidade. Neste punto a observación directa do alumnado, é dicir, o seu comportamento na aula, esforzo á hora de realizar as tarefas, actitude ante o traballo, etc... será un factor determinante. Por outro lado, o alumnado deberá demostrar a adquisición dos coñecementos descritos nos contidos, o alcance dos diferentes obxectivos propostos para a Educación Primaria na área da Ciencias da Natureza e a superación, en maior ou menor medida, dos estándares avaliábeis de aprendizaxe. Para iso, será determinante a avaliación de ferramentas como documentos gráficos ou textuais, a disposición nos debates e intervencións, os proxectos persoais ou de grupo, as exposicións ou as elaboracións multimedia, que serán valorados sempre tendo en conta as características individuais do alumnado e do grupo.

LINGUA CASTELÁ

Comunicación oral: Falar e escoitar

-Participa en situacións de comunicación oral de maneira ordenada e coherente, comprende e expresa mensaxes verbais e non verbais. Transmite ideas con coherencia. Elabora resumos sinxelos de textos orais. Memoriza e reproduce textos breves. Dramatiza textos literarios participando na representación de pequenas obras teatrais adaptadas á idade.

Comunicación escrita: ler.

-Le en silencio e en voz alta coa entonación e fluidez adecuadas diferentes tipos de textos e comprende os mesmos, utilizando a lectura como medio para ampliar vocabulario e fixar unha ortografía correcta. Fai resumos e esquemas de textos sinxelos. Comprende información de mapas, esquemas, gráficos e planos. Utiliza as TIC para a búsqueda e tratamento de información de forma responsable. Avisa gusto pola lectura e selecciona lecturas según o seu gusto persoal.

Comunicación escrita: escribir.

-Produce textos sinxelos en diferentes soportes, usando o rexistro adecuado e organizando as ideas con claridade e con diferentes intencións comunicativas, con

coherencia, aplicando as regras ortográficas básicas, coidando a caligrafía o orden e a presentación. Pon interese e esforzase por escribir cada vez con maior corrección e participa na creación e planificación de proxectos de escritura colectivos.

Coñecemento da lingua.

-Coñece as clases de palabras, características e usos de cada clase de palabras: nome, verbo, adxectivo, preposición, adverbio, conxunción, pronome, artigo, determinante, e úsaas correctamente nos seus escritos. Conxuga os tempos máis usados dos verbos. Distingue diptongos e hiatos. Coñece e aplica conceptos de sinonimia, polisemia, homonimia. Forma palabras usando recursos derivativos. Utiliza correctamente as regras ortográficas básicas en textos copiados ou de produción propia. Coñece as partes fundamentais das oracións. Coñece e valora a variedade plurilingüe de España.

Educación literaria.

-Coñece e le distintos tipos de textos tradicionais: contos, lendas tanto de España como de outros países, textos narrativos, poemas, obras teatrais e fai comentarios coherentes dos textos lidos. Identifica recursos literarios básicos e aplica algúns aos seus propios escritos. Coñece e le anacos de obras de literatura adaptadas á súa idade e valora os textos literarios como fonte de coñecemento doutros mundos, tempos e culturas.

Na consecución dos estándares mínimos partiremos sempre das posibilidades, capacidades e coñecementos previos do alumnado, cun carácter individualizado e personalizado, onde primará a atención á diversidade, e tomando as medidas necesarias para que todo o alumnado acade o mínimo esixible, medidas de reforzo, apoio, atención individualizada axudarán nesta tarefa. Ao mesmo tempo a observación directa do alumnado, é dicir, o seu comportamento na aula, esforzo á hora de realizar as tarefas, actitude ante o traballo, etc... será un factor determinante. Por outro lado, o alumando deberá demostrar a adquisición dos coñecementos descritos nos contidos, o alcance dos diferentes obxectivos propostos para a Educación Primaria na área da lingua e a superación, en maior ou menor medida, dos estándares avaliáveis de aprendizaxe.

LINGUA GALEGA

Comunicación oral: falar e escoitar.

-Comprende as ideas principais e secundarias dun texto e fai un resumo. Usa as TIC para buscar e tratar a información. Participa axeitadamente nas conversas e debates, así como no traballo en grupo, respectando as normas, e é consciente da importancia de

empregar a lingua galega en calquera contexto. Elabora un discurso oral cohesivo e adecuado ao contexto. Recoñece textos orais sinxelos, memorízaos e reproducéos.

Comunicación escrita: ler.

Comprende e interpreta información de diferentes medios e en diferentes formatos, identificando as ideas principais. Busca e selecciona información utilizando diferentes medios, biblioteca, TIC, con autonomía e responsabilidade.

-Realiza diferentes tipos de lectura, decodificando con precisión e rapidez, lendo con fluidez, ritmo, velocidade e ton da voz adecuados e amosa interese pola lectura en lingua galega como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.

Comunicación escrita: escribir.

-Planifica e elabora diferentes tipos de textos imitando modelos e textos creativos, con coherencia e aplicando correctamente as principais regras de puntuación e normas ortográficas básicas da lingua galega, así como o léxico e morfosintaxe adecuada e unha linguaxe non sexista. Coida a presentación dos traballos e valora a lingua escrita como medio de comunicación.

Coñecemento da lingua.

-Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo, preposición, conxunción e interxección. Conxuga e usa con corrección as formas verbais persoais e non persoais dos verbos. Diferencia as sílabas, aplica correctamente as normas ortográficas básicas. Identifica oracións e as súas partes fundamentais. Coñece características relevantes da lingua galega.

Educación literaria.

-Escoita, le, memoriza e reproduce textos da literatura galega en xeral e da popular oral en particular, e valora os textos literarios como fonte de coñecemento da nosa cultura e como recurso de gozo persoal. Recoñece algúns recursos retóricos e métricos. Recrea e compón poemas sinxelos e participa en dramatizacións de textos adaptados á idade. Valora a literatura como fonte de coñecemento, medio de comunicación e recurso de gozo persoal.

Na consecución dos estándares mínimos partiremos sempre das posibilidades, capacidades e coñecementos previos do alumnado, cun carácter individualizado e personalizado, onde primará a atención á diversidade, e tomando as medidas necesarias para que todo o alumnado acade o mínimo esixible, medidas de reforzo, apoio, atención

individualizada axudarán nesta tarefa. Ao mesmo tempo a observación directa do alumnado, é dicir, o seu comportamento na aula, esforzo á hora de realizar as tarefas, actitude ante o traballo, etc... será un factor determinante. Por outro lado, o alumnado deberá demostrar a adquisición dos coñecementos descritos nos contidos, o alcance dos diferentes obxectivos propostos para a Educación Primaria na área da lingua e a superación, en maior ou menor medida, dos estándares avaliábeis de aprendizaxe.

MATEMÁTICAS

Le, escribe, compón e descompón números de ata oito e nove cifras segundo a orde de unidades e o valor de posición. Establece equivalencias entre as distintas ordes de unidades dun número. Compara e ordena números.

-Coñece a numeración romana. Símbolos e equivalencias.

-Coñece as propiedades da suma e da resta e da multiplicación, xerarquía das operacións e aplicación á resolución de problemas

-Le e escribe potencias. Expressa produtos de factores iguais en forma de potencia, e viceversa.

-Obtén algúns divisores e múltiplos dun número dado.

-Coñece os números positivos e negativos. Representa na recta numérica. Ordena e compara números positivos e negativos.

-Coñece número decimal e fracción decimal e establece relacións. Suma, resta, multiplica e divide números decimais.

-Calcula o valor da fracción dunha cantidade. Pasa unha fracción a forma decimal ou un decimal exacto a fracción decimal. Simplifica e amplifica fraccións. Reduce dúas fraccións sinxelas a común denominador. Suma e resta dúas fraccións de distinto denominador. Fai produtos dunha fracción por un número. Produto de dúas fraccións. Cociente de dúas fraccións.

-Coñece as medidas de lonxitude, superficie e volume, equivalencias e cálculos sinxelos con elas. Aplicación a resolución de problemas sinxelos.

-Constrúe táboas de proporcionalidade directa. Resolve sinxelos problemas de proporcionalidade directa. Coñece e aplica o significado do tanto por cento.

-Coñece e clasifica os ángulos segundo a súa posición. Suma, resta ángulos de forma numérica

-Realiza operacións e coñece as equivalencias do tempo, sistema sesaxesimal

-Diferencia e calcula o perímetro e a área dunha figura plana. Calcula o perímetro dun polígono e a área dos triángulos e cuadriláteros, e polígonos de máis de catro lados.

-Cálculo da lonxitude da circunferencia e da área do círculo.

-Identifica un poliedro regular polo número de caras ou outras características. Cálcul o volume dun prisma ou dun cubo mediante o conteo de unidades cúbicas. Cálculo do volume dun prisma ou dun cubo, utilizando as unidades de volume do sistema métrico decimal (m³, dm³, cm³).

-Coñece variables estatísticas, frecuencia absoluta e relativa, media, mediana e moda.

-Coñece o concepto de suceso. Tipos de sucesos: suceso seguro, suceso posible e suceso imposible.

Na consecución dos estándares mínimos partiremos sempre das posibilidades, capacidades e coñecementos previos do alumnado, cun carácter individualizado e personalizado, onde primará a atención á diversidade, e tomando as medidas necesarias para que todo o alumnado acade o mínimo esixible, medidas de reforzo, apoio, atención individualizada axudarán nesta tarefa. Ao mesmo tempo a observación directa do alumnado, é dicir, o seu comportamento na aula, esforzo á hora de realizar as tarefas, actitude ante o traballo, etc... será un factor determinante. Por outro lado, o alumnado deberá demostrar a adquisición dos coñecementos descritos nos contidos, o alcance dos diferentes obxectivos propostos para a Educación Primaria na área da matemáticas e a superación, en maior ou menor medida, dos estándares avaliados de aprendizaxe. Para acadar os estándares mínimos primarán as actividades de resolución de problemas aplicando os conceptos traballados máis que outro tipo de tarefas máis mecánicas

EDUCACIÓN PLÁSTICA

Mínimos esixibles

CRITERIOS DE AV.	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
B1.1. Formular opinións cun criterio estético, oralmente ou por escrito, que expresen o respecto e a riqueza das achegas que ofrecen as manifestacións	EPB1.1.1. Observa e explica aspectos, calidades e características das obras artísticas seguindo un protocolo.	Observa e explica con vocabulario básico algúns aspectos, calidades e características das obras artísticas.
	EPB1.1.2. Utiliza a observación e a percepción visual para interpretar	Utiliza a observación e a percepción visual para interpretar imaxes.

<p>artísticas (plásticas, visuais ou musicais), apreciando as texturas, as formas, as liñas, as medidas e as cores.</p>	<p>imaxes.</p>	
	<p>EPB1.1.3. Reflexiona sobre o proceso de elaboración dunha composición plástica.</p>	<p>Reflexiona minimamente sobre o proceso de elaboración dunha composición plástica.</p>
	<p>EPB1.1.4. Recoñece materiais e recursos plásticos nas imaxes e nas composicións plásticas.</p>	<p>Recoñece materiais e recursos plásticos nas imaxes e nas composicións plásticas.</p>
	<p>EPB1.1.5. Aprecia as diferenzas entre as formas xeométricas do seu contexto próximo.</p>	<p>Aprecia as diferenzas elementais entre as formas xeométricas do seu contexto próximo.</p>
	<p>EPB1.1.6. Analiza as posibilidades de texturas, formas, cores e materiais aplicados sobre soportes distintos.</p>	<p>Analiza as posibilidades de texturas, formas, cores e materiais aplicados sobre algún tipo de soporte.</p>
<p>B1.2. Aproximarse á lectura, a análise e a interpretación da arte e as imaxes fixas e en movemento nos seus contextos culturais e históricos, comprendendo de maneira crítica o significado e a función social, con capacidade para elaborar imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos.</p>	<p>EPB1.2.1. Analiza de maneira sinxela e utilizando a terminoloxía axeitada imaxes fixas atendendo ao tamaño, ao formato e aos elementos básicos (puntos, rectas, planos, cores, luz e función).</p>	<p>Analiza de maneira sinxela e utilizando vocabulario básico imaxes fixas atendendo ao tamaño, ao formato e aos elementos básicos (puntos, rectas, planos, cores, luz e función).</p>
	<p>EPB1.2.2. Coñece a evolución da fotografía desde o branco e negro á cor, do formato de papel ao dixital, e valora as posibilidades que trae consigo a fotografía.</p>	<p>Coñece a evolución da fotografía desde o branco e negro á cor, do formato de papel ao dixital.</p>
	<p>EPB1.2.3. Recoñece os temas da fotografía.</p>	<p>Recoñece os temas da fotografía.</p>
	<p>EPB1.2.4. Realiza fotografías utilizando medios tecnolóxicos, analizando a posteriori a adecuación do encadramento ao propósito inicial.</p>	<p>Realiza fotografías utilizando medios tecnolóxicos con un encadramento básico.</p>
	<p>EPB1.2.5. Recoñece o cine de animación como un xénero do cine</p>	<p>Recoñece o cine de animación como un xénero do cine.</p>

	e comenta o proceso empregado para a creación, a montaxe e a difusión dunha película de animación, realizado tanto coa técnica tradicional como coa técnica actual.	
	EPB1.2.6. Secuencia unha historia en viñetas nas que incorpora imaxes e textos, seguindo o patrón do cómic.	Secuencia con axuda unha historia en viñetas nas que incorpora imaxes e textos, seguindo o patrón do cómic.
	EPB1.2.7. Realiza sinxelas obras de animación para familiarizarse cos conceptos elementais da creación audiovisual: guión, realización, montaxe, son.	Realiza de maneira colectiva sinxelas obras de animación para familiarizarse cos conceptos elementais da creación audiovisual: guión, realización, montaxe, son.
B1.3. Utilizar as tecnoloxías da información e da comunicación de xeito responsable para a busca, creación e difusión de imaxes fixas e en movemento.	EPB1.3.1. Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar, modificar tamaño, cor, brillo, contraste, ...) que lle serven para a ilustración de textos.	Manexa con axuda programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar, modificar tamaño, cor, brillo, contraste, ...) que lle serven para a ilustración de textos.
	EPB1.3.2. Coñece os protocolos de actuacións para a difusión de imaxes propias ou alleas, e respecta a propiedade intelectual de cada persoa.	Coñece os protocolos de actuacións para a difusión de imaxes propias ou alleas, e respecta a propiedade intelectual de cada persoa.
B2.1. Realizar producións plásticas seguindo pautas elementais do proceso creativo, experimentando, recoñecendo e diferenciando a expresividade dos diversos materiais e técnicas pictóricas e elixindo as máis	EPB2.1.1. Utiliza as técnicas de debuxo e/ou pictóricas máis axeitadas para as súas creacións, manexando os materiais e instrumentos de forma adecuada, coidando o material e o espazo de uso.	Utiliza as técnicas de debuxo e/ou pictóricas máis axeitadas para as súas creacións, manexando os materiais e instrumentos de forma básica, coidando o material e o espazo de uso.

<p>axeitadas para a realización da obra prevista.</p>	<p>EPB2.1.2. Fai composicións que transmiten emocións básicas (calma, violencia, alegría, tristura etc.) coa axuda de diversos recursos para cada caso (claroscuro, puntos, liñas, cores etc.).</p>	<p>Fai composicións que transmiten algunha emoción básica (calma, violencia, alegría, tristura etc.) coa axuda de alomenos un recurso (claroscuro, puntos, liñas, cores etc.).</p>
	<p>EPB2.1.3. Debuxa obxectos cotiáns, ideas, accións e situacións.</p>	<p>Debuxa obxectos cotiáns, ideas, accións e situacións.</p>
	<p>EPB2.1.4. Experimenta con materiais e texturas gráficas con creatividade e soltura.</p>	<p>Experimenta con materiais e texturas gráficas.</p>
	<p>EPB2.1.5. Valora os elementos e os recursos empregados para alcanzar o efecto que máis se axuste ás propias necesidades.</p>	<p>Valora os elementos e os recursos empregados para alcanzar o efecto que máis se axuste ás propias necesidades.</p>
	<p>EPB2.1.6. Distingue e explica as características da cor en canto a súa luminosidade, tono e saturación, aplicándoas cun propósito concreto nas súas producións.</p>	<p>Distingue e explica as características da cor en canto a súa luminosidade, tono e saturación, intentando aplicalas cun propósito concreto nas súas producións.</p>
	<p>EPB2.1.7. Obtén diversas texturas a partir da aplicación da cor.</p>	<p>Obtén diversas texturas a partir da aplicación da cor.</p>
	<p>EPB2.1.8. Executa composicións pareadas nas que aparecen as cores complementarias respectivas.</p>	<p>Executa algunha composición pareada nas que aparecen as cores complementarias respectivas.</p>
	<p>EPB2.1.9. Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, tamaños e cores axeitadas (paisaxe, bodegón etc.).</p>	<p>Debuxa formas, figuras e elementos do contexto con dimensións, proporcións, tamaños e cores axeitadas (paisaxe, bodegón etc.).</p>
	<p>EPB2.1.10. Explica coa terminoloxía aprendida o propósito dos seus traballos e as</p>	<p>Explica con terminoloxía básica o propósito dos seus traballos e as características dos mesmos.</p>

	características dos mesmos.	
B2.2. Representar volumes utilizando recursos como cores, claroscuros, corte, dobra e encartado.	EPB2.2.1. Representa con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas.	Representa con axuda con claroscuro a sensación espacial de composicións volumétricas sinxelas.
	EPB2.2.2. Experimenta coa superposición de planos para crear volumes.	Experimenta coa superposición de planos para crear volumes.
	EPB2.2.3. Utiliza a liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade.	Utiliza con axuda a liña horizontal como elemento expresivo para proporcionar sensación de profundidade.
	EPB2.2.4. Fai obxectos tridimensionais utilizando o recorte, o encartado e o pegado de pezas de diversas formas, utilizando diversos tipos de materiais.	Fai con axuda obxectos tridimensionais utilizando o recorte, o encartado e o pegado de pezas de diversas formas, utilizando diversos tipos de materiais.
B2.3. Coñecer as manifestacións artísticas máis significativas que forman parte do patrimonio artístico e cultural, e adquirir unha actitude de respecto e valoración dese patrimonio.	EPB2.3.1. Recoñece, respecta e valora as manifestacións artísticas máis importantes do patrimonio cultural e artístico español, nomeadamente aquelas que foron declaradas Patrimonio da Humanidade.	Recoñece, respecta e valora as manifestacións artísticas máis importantes do patrimonio cultural e artístico español, nomeadamente aquelas que foron declaradas Patrimonio da Humanidade.
	EPB2.3.2. Aprecia as posibilidades que ofrecen os museos de coñecer obras de arte expostas neles e goza con elas.	Aprecia as posibilidades que ofrecen os museos de coñecer obras de arte expostas neles e goza con elas
	EPB2.3.3. Coñece algunha profesión do ámbito artístico, interésase polas características do traballo de artistas e artesáns ou artesás, e goza como público coa	Coñece algunha profesión do ámbito artístico.

	observación das súas producións.	
B2.4. Utilizar as TIC para a busca e tratamento de imaxes, como ferramentas para deseñar documentos.	EPB2.4.1. Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de información e documentación para a creación de producións propias.	Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de información e documentación para a creación de producións propias con axuda.
	EPB2.4.2. Manexa programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar; modificar tamaño, cor, brillo, contraste etc.) que serven para a ilustración de textos.	Manexa con axuda programas informáticos sinxelos de elaboración e retoques de imaxes dixitais (copiar, pegar; modificar tamaño, cor, brillo, contraste etc.) que serven para a ilustración de textos.
	EPB2.4.3. Elabora e prepara documentos propios da comunicación artística (carteis, guías ou programas).	Elabora e prepara de maneira grupal documentos propios da comunicación artística (carteis, guías ou programas).
B2.5. Realizar producións plásticas, participando con interese e aplicación no traballo individual ou de forma cooperativa, respectando os materiais, os utensilios e os espazos, desenvolvendo a iniciativa e a creatividade, e apreciando a correcta e precisa realización dos exercicios e das actividades, a orde e a limpeza, o respecto polas normas, as regras e os/as compañeiros/as.	EPB2.5.1. Produce obras plásticas, logo de escoller as técnicas e os instrumentos máis axeitados para conseguir unha finalidade determinada.	Produce alomenos unha obra plástica sinxela , logo de escoller as técnicas e os instrumentos máis axeitados para conseguir unha finalidade determinada.
	EPB2.5.2. Respecta os materiais, os utensilios e os espazos.	Respecta os materiais, os utensilios e os espazos.
	EPB2.5.3. Aмосa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo, respectando as iniciativas de cada compañeiro ou compañeira.	Aмосa interese polo traballo individual e colabora no grupo para a consecución dun fin colectivo, respectando as iniciativas de cada compañeiro ou compañeira.
	EPB 2.5.4. Participa con interese nas actividades propostas, apreciando a realización correcta, precisa, ordenada e limpa dos	Participa con interese nas actividades propostas, apreciando a realización correcta, precisa, ordenada e limpa dos exercicios e das actividades.

	exercicios e das actividades.	
B3.1. Identificar conceptos xeométricos na realidade que rodea o alumnado, en relación cos conceptos xeométricos recollidos na área de matemáticas coa súa aplicación gráfica.	EPB3.1.1. Identifica os conceptos de horizontalidade e verticalidade, e utilízalos nas súas composicións con fins expresivos.	Identifica os conceptos de horizontalidade e verticalidade.
	EPB3.1.2. Traza rectas paralelas e perpendiculares, usando o escuadro e o cartabón.	Traza con axuda rectas paralelas e perpendiculares, usando o escuadro e o cartabón.
	EPB3.1.3. Utiliza a regra considerando o milímetro como unidade de medida habitual aplicada ao debuxo técnico.	Utiliza con axuda a regra considerando o milímetro como unidade de medida habitual aplicada ao debuxo técnico.
	EPB3.1.4. Suma e resta segmentos utilizando a regra e o compás.	Suma e resta con axuda segmentos utilizando a regra e o compás.
	EPB3.1.5. Calcula graficamente a mediatriz dun segmento utilizando a regra e o compás.	Calcula graficamente con axuda a mediatriz dun segmento utilizando a regra e o compás.
	EPB3.1.6. Traza círculos co compás coñecendo o raio.	Traza con axuda círculos co compás coñecendo o raio.
	EPB3.1.7. Divide a circunferencia en dúas, tres, catro e seis partes iguais, utilizando o material propio do debuxo técnico.	Divide a circunferencia con axuda en dúas, tres, catro e seis partes iguais, utilizando o material propio do debuxo técnico.
	EPB3.1.8. Aplica a división da circunferencia á construción de estrelas e elementos florais aos que posteriormente lles dá cor.	Aplica con axuda a división da circunferencia á construción de estrelas e elementos florais aos que posteriormente lles dá cor.
	EPB3.1.9. Continúa series con motivos xeométricos (rectas e curvas) utilizando unha cuadrícula propia facilitada cos instrumentos propios do debuxo técnico.	Continúa con axuda series con motivos xeométricos (rectas e curvas) utilizando unha cuadrícula propia facilitada cos instrumentos propios do debuxo técnico.
	EPB3.1.10. Suma e resta ángulos de 90, 60, 45 e 30 graos utilizando	Suma e resta con axuda ángulos de 90, 60, 45 e 30 graos utilizando o escuadro

	o escuadro e o cartabón.	e o cartabón.
	EPB3.1.11. Analiza a realidade descompóndoa en formas xeométricas básicas e trasladándoa a composicións bidimensionais.	Analiza a realidade descompóndoa en formas xeométricas básicas.
	EPB3.1.12. Identifica nunha obra bidimensional formas xeométricas simples.	Identifica con axuda nunha obra bidimensional formas xeométricas simples.
	EPB3.1.13. Realiza composicións utilizando formas xeométricas suxeridas polo ou pola docente.	Realiza algunha composición sinxela utilizando formas xeométricas suxeridas polo ou pola docente.
	EPB3.1.14. Coñece e comprende o termo de escala e é capaz de aplicalo cambiando a escala dun debuxo sinxelo mediante o uso de cuadrícula.	Coñece e comprende o termo de escala e aplicalo con dificultade cambiando a escala dun debuxo sinxelo mediante o uso de cuadrícula.
	EPB3.1.15. Recoñece, clasifica e constrúe os polígonos elementais, apreciando as súas diferenzas e similitudes.	Recoñece, clasifica e constrúe con axuda os polígonos elementais, apreciando as súas diferenzas e similitudes.
B3.2. Iniciarse no coñecemento e no manexo dos instrumentos e dos materiais propios do debuxo técnico, e empregalo adecuadamente.	EPB3.2.1. Coñece e aprecia o resultado da utilización correcta dos instrumentos de debuxo, e valora a precisión dos resultados.	Coñece e aprecia o resultado da utilización correcta dos instrumentos de debuxo, e valora a precisión dos resultados.

VALORES CÍVICOS E SOCIAIS

-Razoa e expresa por escrito o valor da respectabilidade e a dignidade persoal.

Coñece trazos da súa personalidade, identifica emocións e é capaz de expresar sentimentos e aplica autocontrol á toma de decisións e resolución de conflitos. Resolve conflitos de modo construtivo.

-Actúa con respecto e solidariedade. Comprende e respecta opinións diferentes. Utiliza correctamente estratexias de escoita activa.

-Valora a importancia do coidado do corpo, a saúde e a prevención de accidentes, así como a necesidade de conservación do medio e da recuperación do equilibrio ecolóxico.

Máis que a aprendizaxe de conceptos da materia, trátase da súa aplicación á situacións da vida real, ou situacións simuladas, onde o alumnado deberá demostrar que vai acadando estratexias para a resolución de problemas que xurdan nas súas relacións persoais en distintos ámbitos da vida tanto na escola como fóra dela.

12-MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Os criterios para a organización e a distribución dos recursos en 6º de Educación Primaria intentan dar unha resposta educativa adaptada á diversidade de capacidades e ritmos de aprendizaxe do alumnado co fin de facilitar o logro dos obxectivos nesta etapa educativa. Incidir nunha atención individualizada e de apoio e reforzo ao alumnado con dificultades, sen deixar de lado ao alumnado con máis capacidade, tendo presente a necesidade de recursos adaptados á cada necesidade.

Destacar a importancia de establecer unha boa coordinación entre todos os profesores implicados e o departamento de orientación, a fin de detectar as dificultades e tomar as medidas oportunas de reforzo e apoio tanto do titor e mestres do grupo como do profesorado de PT se fose necesario.

13-PROGRAMA DE REFORZO PARA A RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

Dado que o alumnado deste nivel non ten ningunha materia desta programación pendente, non se contempla ningún programa de reforzo para a recuperación de materias pendentes neste curso.

14-ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

En coordinación co resto do profesorado de infantil e primaria do Centro, e ao tratarse dun centro de línea única, levaremos a cabo actividades complementarias e extraescolares adaptadas ao nivel do alumnado. Nunhas aproveitaremos saídas con

outros niveis ou con todo o alumnado, e algunha é posible que se faga individualmente como grupo.

Como previsión para este curso propoñemos:

A realizar no Centro

-Participar nas celebracións de festas populares co Centro (magosto, entroido, samaín, maíos...) e nas efemérides programadas polo equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares en colaboración co Equipo da Biblioteca e o Equipo de Dinamización da Lingua Galega (Día da Paz, Día contra a violencia de xénero, Día do Libro...)

Fóra do Centro

-Participar en charlas e actividades programadas polo departamento de Orientación para este nivel educativo

-Viaxes culturais e visitas que se organizarán o longo do curso en función dos proxectos traballados e dos propios intereses dos nenos e nenas.

Ao longo do presente curso, faranse as seguintes saídas:

1º TRIMESTRE:

- Saída á casa da cultura a un concerto de inicio de curso organizado polo Centro.
- Saída a Cerámica Vereá, a unha actividade organizada pola propia empresa para alumnado de 6º de primaria, con actividades relacionados co barro e visita á fábrica.
- Saída ao cine, teatro ou algún concerto, dependendo das ofertas que haxa adaptadas ao alumnado

2º TRIMESTRE:

- visita a algunha outra fábrica do concello de procesamento e elaboración de produtos lácteos.
- Visita a algúns dos museos científicos de A Coruña
- Visita á televisión de Galicia. Visita, se é posible a Meteogalicia

3º TRIMESTRE:

- Solicitaremos visita a Citroen en Vigo.
- Saída de fin de curso, con actividades ao aire libre, preferentemente en zona de costa.

Cando o tempo o permita saídas ao entorno, e especialmente nos últimos días do curso ao entorno da piscina municipal co resto do alumnado de infantil e primaria a realizar diferentes actividades deportivas e físicas, e se é posible disfrutar da piscina.

Asimesmo aproveitarase algunha outra saída que poida xurdir ao longo do curso que polo seu carácter cultural e pedagóxico sexa de interese para o alumnado.

15-ACCIONES PREVISTAS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR

A lectura estará presente en todas as áreas da Educación Primaria. Por iso, o fomento da lectura e o desenvolvemento da comprensión lectora serán impulsados, non só desde a área de Lingua, senón a través das actividades específicas de todas as áreas. As sesións de lectura non deben orientarse, pois, como unha continuación da clase de Lingua, senón tamén como a posta en práctica das súas ensinanzas e han de servir para avaliar o nivel de comprensión lectora do alumno.

Os propósitos da lectura son moi diversos e están sempre ao servizo das necesidades e intereses do lector. Lese para obter información, para aprender, para comunicarse, para divertirse, para vivir outras realidades. Todas estas finalidades da lectura deberán terse en conta á hora de traballar na aula, e deberán desenvolverse estratexias que lle faciliten ao alumno a súa consecución.

Os obxectivos de que se pretende lograr son os seguintes:

- a) Espertar e aumentar o interese do alumnado pola lectura.
- b) Potenciar a comprensión lectora desde todas as áreas do currículo.
- c) Formar lectores capaces de desenvolverse con éxito no ámbito escolar.
- d) Lograr que a maioría do alumnado descubra a lectura como un elemento de goce persoal.
- e) Fomentar no alumnado, a través da lectura, unha actitude reflexiva e crítica ante as manifestacións do contorno.
- d) Usar a biblioteca para a busca de información e aprendizaxe, e como fonte de pracer.

Para tentar acadar estes obxectivos levaranse a cabo as accións seguintes:

- Escoller textos adecuados aos intereses dos alumnos.
- Facer lecturas colectivas que exerciten a velocidade e a entoación.
- Crear unha biblioteca de aula con libros que traten temas relacionados cos nosos proxectos de traballo.
- Visitar a biblioteca do centro.
- Participar nas actividades de animación á lectura propostas polo equipo de biblioteca.

Adicarase o tempo da hora de ler a que o alumno lea na aula lecturas escollidas por el xeralmente, pero tamén lecturas guiadas encamiñadas a ler obras de autores que poden

vir ao centro nas actividades organizadas pola biblioteca. Tamén se aproveitará o mes de maio para a lectura de obras do autor homenaxeado nas Letras Galegas, axeitadas ao nivel do alumnado. Cara o mes de xuño a lectura tomará un camiño máis teatral, dado que participaremos na “semana do teatro” organizada todos os anos no centro, e onde o alumnado representará unha obra, aínda por escoller, adaptada á súa idade.

16-INTEGRACIÓN DAS TICs

Nos cursos de 5º e 6º estase a desenvolver o Proxecto Abalar. Cada alumno dispón dun ordenador que lle permite acceder á información da rede, ás actividades do repositorio Abalar e ao material dixital das distintas editoriais..

A aula dispón, ademais, dun encerado dixital e dun ordenador para o profesor.

Na área de Sociais e Naturais, e tamén nas outras áreas, aínda que en menor medida, traballamos os contidos do currículo obtendo información directamente da rede ou dos recursos Abalar, aos que accedemos de forma preferente. Así mesmo o alumnado aproveitará esta dotación para elaborar traballos, organizar información, usar o procesador de textos para a creación de distintos tipos de textos. Igualmente adicarase unha parte do horario lectivo de cada materia a traballar os contidos aproveitando as actividades propostas por diferentes editoriais e polo espazo Abalar.

17-CRITERIOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN

A programación será revisada segúns resultados de cada avaliación. En cada avaliación tratarase a cantidade de unidades impartidas, o tanto por cento da programación e as causas, se as houbera, de por que non se levou adiante.

En caso de retrasos ou carencias na adquisición dos contidos, a programación terá que ser revisada.

Outro criterio de avaliación da programación é a análise de por que os alumnos e alumnas non superan os mínimos esixibles.